



## ACTA XUNTA DE GOBERNO

## SESIÓN ORDINARIA DE VINTE E SETE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E SEIS

**Presidenta:**D<sup>a</sup>. María del Carmen López Moreno**Sres/as. Deputados/as:**

D. Efrén Castro Caloto  
 D. Pablo Rivera Capón  
 D. Xosé María Arias Fernández  
 D. Iván Castro Díaz  
 D. Carlos López López  
 D<sup>a</sup>. Iria Castro Fernández

**Secretario:**

D. José Antonio Mourelle Cillero

**Interventora adxunta:**D<sup>a</sup>. María Cristina González Santín

No Salón de Comisións do Pazo Provincial, sendo as once horas e sete minutos do día **vinte e sete de marzo de dous mil vinte e seis**, baixo a Presidencia da titular do cargo Ilma. Sra. D<sup>a</sup>. María del Carmen López Moreno, reúnense as señoras e señores Deputados/as na marxe relacionados/as, co obxecto de celebrar, en primeira convocatoria, sesión ordinaria convocada para o efecto, para tratar os asuntos incluídos na Orde do Día regulamentariamente remitida, en virtude das facultades delegadas que lle confire á Xunta o artigo 59 do vixente Regulamento Orgánico desta Corporación.

Actúa de Secretario o titular da Corporación don José Antonio Mourelle Cillero, e asiste a Interventora adxunta D<sup>a</sup>. María Cristina Gonzalez Santín.

Non asisten a señora deputada María del Pilar García Porto e o señor deputado Miguel Fernández Méndez.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	1/136



**1.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA ACTA DA SESIÓN ORDINARIA CELEBRADA O DÍA VINTE DE MARZO DE DOUS MIL VINTE E SEIS.**

Por parte da Sra. Presidenta pregúntase aos Sres. Deputados, membros da Xunta de Goberno, se teñen que formular algunha observación á acta da sesión ordinaria celebrada o día vinte de marzo de dous mil vinte e seis que foi distribuída entre os mesmos; e ao non presentarse ningunha emenda, foi aprobada por unanimidade dos asistentes.

**2.- DECLARACIÓN DE DESERTO, SE PROCEDE, DO PROCEDEMENTO PARA A CONTRATACIÓN DO SERVIZO DE ORGANIZACIÓN E EXECUCIÓN DUNHA FEIRA AGROALIMENTARIA QUE INCLÚE UNHA XORNADA TÉCNICA PARA A PROMOCIÓN DOS MERCADOS MUNICIPAIS E PRODUTORES LOCAIS NA ÁREA DE GALICIA E NORTE DE PORTUGAL NO MARCO DO PROXECTO 0297\_AGROSOCIAL\_6\_E, (INTERREG VIN-A ESPAÑA-PORTUGAL- POC TEC- 2021-2027 COFINANCIADO NUN 75% POLA UNIÓN EUROPEA CON CARGO AO FEDER).**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:


“Vistos os antecedentes que se relacionan a continuación:

- 1.- Memoria xustificativa do contrato con CSV: IV7RVSLDMF56RL752UA40FQP5Y.
- 2.- Prego de prescricións técnicas, con CSV: IV7RVXY7KBW05ONZQBOV53X0I4.
- 3.- Informe de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7RVWBTEEVC2XGN5QW4MF7ECY.
- 4.- Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7RQSKSNAE6ZXMDRUFACZYPP4.
- 5.- Informe xurídico, conformado pola Secretaría Xeral, con CSV: IV7RQSJKPQMLV2P5UQYBCZXXD4.
- 6.- Fiscalización limitada previa do expediente, con CSV: IV7RQS36LQJ3YXWKBQWWO52AMM.
- 7.- Publicación do anuncio de licitación na Plataforma de Contratación do Sector Público o día 27/02/2026, onde se indica que o prazo para a presentación de ofertas finaliza o día 16/03/2026 ás 23:59 horas.
- 8.- Acta da sesión da Mesa de Contratación, celebrada o 18 de marzo de 2026, na que se recolle o seguinte:

“A Mesa comproba que non se presentou ningunha oferta a través da Plataforma de Contratos do Sector Público, sendo a data límite para a presentación o día 16.03.2026.

Visto que non hai ofertas presentadas, a Mesa acorda, por unanimidade, propoñer á Xunta de Goberno declarar deserta a licitación da contratación do servizo de organización e execución dunha feira agroalimentaria que inclúe unha xornada técnica para a promoción dos mercados municipais e produtores locais na área de Galicia e norte de Portugal no marco do proxecto 0297\_AGROSOCIAL\_6\_E, (Interreg

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	2/136





VIN-A España-Portugal- POCTEC- 2021-2027 cofinanciado nun 75% pola Unión Europea con cargo ao FEDER). Expediente Nº: 2026/CON\_02/000007”.

E tendo en conta que o contido e a tramitación foi conforme coa normativa de aplicación, e en virtude da competencia que corresponde ao órgano de contratación, e a vista do exposto, propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Declarar deserto o procedemento 2026/CON\_02/000006, contratación do servizo de organización e execución dunha feira agroalimentaria que inclúe unha xornada técnica para a promoción dos mercados municipais e produtores locais na área de Galicia e norte de Portugal no marco do proxecto 0297\_AGROSOCIAL\_6\_E, (Interreg VIN-A España-Portugal- POCTEC- 2021-2027 cofinanciado nun 75% pola Unión Europea con cargo ao FEDER) , por non se ter presentado ningunha oferta.

**2º.-** Publicar este acordo na Plataforma de Contratos do Sector Público e dar traslado do mesmo ao Servizo de Promoción Económica e Emprego aos efectos do seu coñecemento”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes, acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **3.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE LICITACIÓN DE OBRAS.**

**1º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: OUIROL.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-3807 “Bravos (LU-P-6602) – Foxo – San Pantaleón”, p.k. 6+510 a 9+543.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: OUIROL.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-3807 “Bravos (LU-P-6602) – Foxo – San Pantaleón”, p.k. 6+510 a 9+543, consta no mesmo:

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	3/136



1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV7RSLT3HL6Z3XW3AHUBM4QPGA.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7RSLKONA7OL6W4WUWB6MYSOI.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7RSLKILEG7JCP2QIX5AU2AFY.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7RSLKOPVGJ7GWS7UOUPZSOCQ.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7RSOY6JTUN36PIYQ44ANZO4Y.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7R47CZ2FJ7YTHYC75WAMABOE.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7R47C5LQO6VXNPUT5VA7ZD4E.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: OUIROL.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-3807 “Bravos (LU-P-6602) – Foxo – San Pantaleón”, p.k. 6+510 a 9+543, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 110.607,69 €, dos cales 19.196,38 € corresponden ao IVE (21%)”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**2º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: RIBAS DE SIL.- Rehabilitación de firme LU-P-5301 “San Clodio – Alto da Cruz”, p.k. 6+200 a 8+198.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: RIBAS DE SIL.- Rehabilitación de firme LU-P-5301 “San Clodio – Alto da Cruz”, p.k. 6+200 a 8+198, consta no mesmo:

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	4/136





1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV7R4SBSJ4ML4X004F7AAQBEG4.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7RTUPOJVP57CEP2IGQC3SWEA.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7RTUI3DLRKTNH3U4MTD5S6EA.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7RTUI3NIUP3X454JWMAXYEJY.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7R43KJZJFS7VHK2M6FK4PEP4.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7R47C6OAFS77F72MGCCUS66E.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7R47C4BPULT657AVIMMPTRP4.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: RIBAS DE SIL.- Rehabilitación de firme LU-P-5301 “San Clodio – Alto da Cruz”, p.k. 6+200 a 8+198, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

**3º.-** Aprobar o gasto, por importe de 144.762,83€, dos cales 25.124,13€ corresponden ao IVE (21%)”.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	5/136



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3º.- Proposta de aprobación, se procede, do procedemento de licitación, proxecto e contratación da obra denominada: FRIOL – BEGONTE.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-2106 “Friol (LU-934) – Cimadevila – Lousado (LU-P-2303)” p.k. 0+685 a 10+937.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Aos efectos de aprobación da contratación das obras identificadas como: FRIOL – BEGONTE.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-2106 “Friol (LU-934) – Cimadevila – Lousado (LU-P-2303)” p.k. 0+685 a 10+937, consta no mesmo:


1. Proxecto da obra indicada, con CSV: IV7R4CX7BAB2RP64RR5A6D3HKQ.
2. Memoria xustificativa do contrato, con CSV: IV7R4CITPXW5RJBYBVNWKVT7CY.
3. Orde de inicio de procedemento de contratación, con CSV: IV7R4CPKLIOJYTWYVTUBPYSUC4.
4. Acta de Reformulo Previo, con CSV: IV7R4CIS2AWMTJMM2EYGAFTOOM.
5. Certificado de Intervención relativo á existencia e adecuación de crédito con CSV: IV7R4C2JDFOCLBJC2EMMMIQU44.
6. Prego de cláusulas administrativas particulares con CSV: IV7R4C7INLZ63GEP3YRKITCDY.
7. Informe xurídico do Servizo de Contratación e Fomento, e conformado pola Secretaria Xeral, con CSV: IV7R4C7JP3RL3REJYPXX7ZHS7Y.
8. Fiscalización limitada previa do expediente, de conformidade.

Á vista do exposto, remítese o expediente correspondente a dito contrato e propónse que, pola Xunta de Goberno, se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar o prego de cláusulas administrativas particulares e o proxecto técnico, aos efectos da licitación, relativo á contratación das obras de: FRIOL – BEGONTE.- Rehabilitación de firme regos con gravilla LU-P-2106 “Friol (LU-934) – Cimadevila – Lousado (LU-P-2303)” p.k. 0+685 a 10+937, sometelo a información pública por espazo temporal de 20 días, tras os cales, sen reclamacións, entenderase definitivamente aprobado, e sen que dito trámite paralice ou suspenda o procedemento.

**2º.-** Aprobar o expediente de contratación e dispoñer a apertura do procedemento de adxudicación aplicable ao presente contrato, que é o procedemento aberto, regulado polos artigos 156 a 158, da LCSP, de acordo cos principios de igualdade e transparencia recollidos no artigo 131 da citada Lei, coa publicidade establecida nos artigos 63, 135 e concordantes da propia LCSP, debendo verificarse os requisitos establecidos no PCAP, con carácter previo á súa formalización e execución.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	6/136





3º.- Aprobar o gasto, por importe de 305.101,79€, dos cales 52.951,55€ corresponden ao IVE (21%) “.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

#### 4.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE SUBSTITUCIÓN/ MODIFICACIÓN DE INVERSIONES DO PLAN DEPUTACIÓN 2025.

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Contratación e Fomento, no que, entre outros se conteñen os seguintes extremos:

“En relación co escrito da Alcaldía do Concello de RIBAS DE SIL no que solicita a substitución de investimentos incluídos no Plan Deputación 2025, infórmase o seguinte:

1. Polo Pleno da Deputación Provincial, na sesión ordinaria que tivo lugar o 27/12/2024 acordouse a aprobación das Bases Reguladoras do Plan do Plan Deputación 2025. Ditas Bases foron publicadas no BOP do 07/01/2025.

2. Nas devanditas bases estableceuse que o prazo para que os Concellos presentaran as súas solicitudes sería de 1 mes, prazo cumprido por todos os Concellos.

3. O Plan Deputación 2025 foi aprobado polo Pleno desta Deputación en sesión ordinaria celebrada en data 25/03/2025, figurando incluídos os investimentos para os que solicita modificación:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBAS DE SIL	243	ACONDICIONAMENTO E MELLORA DO ACCESO A FONTE DA VENTOSA	4.755,43€	12.175,18€	16.930,61€

4. O concello indicado non achegou os correspondentes anexos III ou IV

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	7/136



5. A Alcaldía do Concello de RIBAS DE SIL a través de escrito con RE nº 2026RT005282 de data 18/03/2026 solicita:

a) A substitución do investimento incluído inicialmente no Plan Deputación 2025, concretamente o investimento nº 243, aos que acompaña a xustificación dos motivos, que en síntese indica “... executar a actuación con cargo ás axudas da Consellería de Medio Ambiente...”, polo que deseguido se indica, co orzamento que se sinala, documentación e proxecto da nova actuación solicitada:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBAS DE SIL	243	MELLORA DE ACCESO Á CAPTACIÓN DE TORBEO	4.854,66€	12.175,18€	17.029,84€

6. A base 14, indica que “Se por circunstancia sobrevida e/ou motivos xustificadas, o Concello non puidera contratar o investimento incluído no Plan Deputación, motivadamente, poderá solicitar o reformado do proxecto do investimento ou substitución do investimento inicialmente incluído no Plan por outro, respectando en todo caso a mesma finalidade e por conseguinte o programa de gasto no que se incluíu o investimento (aplicación orzamentaria), séndolle igualmente aplicable o prazo de xustificación fixado nestas bases.

Se o que se produce é o reformado do proxecto do investimento incluído no Plan Deputación 2025, o Concello remitirá o proxecto reformado a esta Deputación, xunto con informe que indique o motivo do reformado, e o financiamento do mesmo. Dito proxecto reformado someterase a aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, tomando razón do devandito reformado.

No caso de substitución do investimento, esta será solicitada polo Concello achegando o novo proxecto, xunto con informe que indique o motivo da substitución e desglose do seu financiamento, e someterase á aprobación da Xunta de Goberno da Deputación, dando conta ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

En ambos casos, de supoñer un incremento de orzamento do inicialmente previsto como achega da Deputación, este incremento correrá a cargo do Concello, salvo que se dispoña de remanentes, dentro da mesma finalidade, en cuxo caso poderán ser utilizados para elo, coas limitacións indicadas no apartado de remanentes”.

7. A Deputación ten como atribución principal a cooperación cos Concellos. A proposta formulada polo Concello, en exercicio da súa autonomía responde aos plans e programas previstos nas bases reitoras, e respectan os diferentes límites cuantitativos establecidos nas propias bases. Quere dicirse que estas actuacións, se foran propostas antes da aprobación do propio Plan, serían aceptadas. Acceder ao solicitado contribúe a efectividade da cooperación da entidade provincial cos concellos da provincia, respectando a súa autonomía, capacidade de xestión e decisión para responder ás necesidades municipais.

O artigo 4 da Lei 40/2015, do 1 de outubro, indica que as administracións públicas deben aplicar os principios de proporcionalidade e elixir a medida menos restritiva, como principios no desenvolvemento da actividade administrativa.

8. Tendo en conta a solicitude e xustificación exposta polo concello, incorporadas ao expediente, de ser vontade desta Corporación acceder ao solicitado, o órgano que

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	8/136





deberá adoptar o devandito acordo, segundo as bases do Plan Deputación 2025, é a Xunta de Goberno.

Polo que vai dito, informase favorablemente a modificación/substitución do investimento relativo ao Concello de RIBAS DE SIL que se sinala, quedando incluído no Plan Deputación 2025.

E canto procede informar, con sometemento a calquera outro criterio mellor fundado”.

A vista do anterior, esta Presidencia, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Acceder ao solicitado pola Alcaldía do Concello de RIBAS DE SIL, e en consecuencia, aprobar a substitución do investimento relativo ao Concello indicado, e quedando o plan Deputación 2025 modificado no investimento do concello indicado, nos seguintes termos:

CONCELLO	Nº	INVESTIMENTO	ACHEGA CONCELLO	ACHEGA DEPUTACIÓN	TOTAL
RIBAS DE SIL	243	MELLORA DE ACCESO Á CAPTACIÓN DE TORBEO	4.854,66€	12.175,18€	17.029,84€

**2º.-** Dar conta, do presente acordo, ao Pleno na seguinte sesión ordinaria.

**3º.-** Dar traslado do presente ao Concello solicitante para o seu coñecemento, significándolle que os investimentos deberán de estar adxudicados, executados e xustificados nas datas que se indican nas bases reguladoras “.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA CORRECCIÓN DO ERRO DETECTADO NOS CONVENIOS TIPO DAS SUBVENCIÓNS EXCEPCIONAIS POR IMPORTE IGUAL OU SUPERIOR A 15.000,00 € APROBADOS POR ACORDO DA XUNTA DE GOBERNO DE DATA 27 DE FEBREIRO DE 2026.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	9/136



“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Informe Xurídico favorable.

Corrección do erro detectado nos convenios tipos das subvencións excepcionais por importe igual ou superior a 15.000,00 € aprobados por acordo da xunta de goberno de data 27 de febreiro de 2026.

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/XEN\_01/001171) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítase o seguinte Informe:

*Antecedentes de feito.*

Primeiro: A Xunta de Goberno acordou, en sesión ordinaria celebrada o 27 de febreiro de 2026, aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro: Que se aprobe a seguinte documentación (CSV: IV7RQUCOB5H4WT6Z7V7VF5YX6A).

(...)

3. Os convenios tipo en galego canalizadores das subvencións directas de carácter excepcional que se relacionan a continuación:

Convenio tipo canalizador das subvencións directas de carácter excepcional, por importe igual ou superior a 15.000,00 € de xeito individual, a formalizar con entidades privadas, persoas físicas ou entidades públicas que non sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades.

Convenio tipo canalizador das subvencións directas de carácter excepcional, por importe igual ou superior a 15.000,00 € de xeito individual, a formalizar con entidades públicas que sexan Administracións Públicas ou entidades vinculadas ou dependentes de aquelas e Universidades.

(...)”.


Segundo: Dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento detectouse un erro material de transcripción que afecta á redacción da cláusula sétima dos convenios tipo.

*Consideracións xurídico-administrativas.*

Primeira: De acordo co establecido no artigo 109.2 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do procedemento administrativo común das Administracións públicas: “As Administracións Públicas poderán, así mesmo, rectificar en calquera momento, de oficio ou a instancia dos interesados, os erros materiais, de feito ou aritméticos existentes nos seus actos”.

Segunda: A competencia para rectificar un erro material corresponde ao mesmo órgano que ditou o acto (neste caso a Xunta de Goberno).

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	10/136





*Conclusiones.*

Por todo o exposto, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente, que pola Xunta de Goberno se aprobe a corrección do erro material detectado e se suprima o parágrafo “tomando como referencia a data dos efectos económicos establecida na cláusula décimo cuarta” da cláusula sétima dos convenios tipo aprobados por acordo da Xunta de Goberno de data 27 de febreiro de 2026.

Proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar a corrección do erro material detectado e se suprima o parágrafo “tomando como referencia a data dos efectos económicos establecida na cláusula décimo cuarta” da cláusula sétima dos convenios tipo aprobados por acordo da Xunta de Goberno de data 27 de febreiro de 2026”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.


**6.- APROBACIÓN, SE PROCEDE, DE PROPOSTAS RELATIVAS Á TRAMITACIÓN DE CONVENIOS CON ENTIDADES E CONCELLOS.**

**1º.-** *Proposta relativa á aprobación, se procede, da addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións: “Rehabilitación da Casa do Ladrillo -fase1: acondicionamento exterior”, “Mantemento e mellora de zonas verdes, viais e espazos públicos” e “Adquisición dunha varredora industrial para as rúas de San Clodio” no Concello de Concello de Ribas de Sil, ano 2025.*

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	11/136



*“Asunto: Informe favorable.*

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/PES\_03/005982) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte INFORME

*Antecedentes de feito.*

Primeiro: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 6 de xuño de 2025, aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro. Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións: “Rehabilitación da Casa do Ladrillo –fase1: acondicionamento exterior”, “Mantemento e mellora de zonas verdes, viais e espazos públicos” e “Adquisición dunha varredora industrial para as rúas de San Clodio” no Concello de Concello de Ribas de Sil, ano 2025 306.323,13 € cuxo contido é o seguinte: (...)

Segundo A aprobación do gasto, por importe de or importe de 300.000,00 € con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias do vixente orzamento xeral:

250.000,00 € na aplicación orzamentaria 9420.76200

e 50.000,00 € na aplicación orzamentaria 9420.46200

en concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuación contemplada no convenio”.

Segundo: O citado convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Ribas de Sil formalizouse o 16 de xuño de 2025.

Terceiro: O alcalde do concello de Ribas de Sil remitiu, o 23 de marzo de 2026, dous escritos nos que literalmente se establece o seguinte:

“(…)

Expón:

Primeiro.– Que con data 16 de xuño de 2025 se formalizou un convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para o financiamento das seguintes actuacións municipais:

Rehabilitación da Casa do Ladrillo – Fase 1: acondicionamento exterior (incluídos honorarios).

Mantemento e mellora de zonas verdes, viais e espazos públicos.

Adquisición dunha varredora industrial para as rúas de San Clodio.

Segundo.– Que, conforme ao establecido no citado convenio, o Concello ten xa executada a actuación correspondente ao mantemento e mellora de zonas verdes, viais e espazos públicos, atopándose actualmente pendente da súa xustificación.

Terceiro.– Que, no relativo á actuación de adquisición dunha varredora industrial para as rúas de San Clodio, comprobouse durante a tramitación do expediente que o importe inicialmente previsto resulta insuficiente para acceder aos distintos modelos de varredoras de pequeno tamaño dispoñibles no mercado que se adaptan ás

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	12/136





características das rúas do núcleo urbano, polo que se considera necesario un incremento do seu orzamento ata os 90.024,00 €.

Cuarto.- Que a actuación denominada Rehabilitación da Casa do Ladrillo – Fase 1: acondicionamento exterior, cun importe de 168.888,25 €, proponse eliminar do convenio, ao atoparse o Concello en disposición de executar esta intervención mediante outras vías de financiamento, sen que isto prexudique a conservación nin a posta en valor do edificio.

Quinto.- Que, en substitución da actuación eliminada, proponse a inclusión dunha serie de novas actuacións que responden a necesidades actuais e prioritarias do municipio, relacionadas coa mellora dos servizos municipais, das instalacións públicas, da seguridade viaria e do equipamento cultural, mantendo en todo caso o equilibrio financeiro do convenio e sen incremento da achega da Deputación Provincial de Lugo.

Sexto.- Que, como consecuencia das modificacións propostas, o convenio quedaría integrado polas seguintes actuacións:

Actuacións	Custo total (IVE incluído)
Mantemento e mellora de zonas verdes, viais e espazos públicos	56.323,13 €
Adquisición dunha varredora industrial para as rúas de San Clodio	90.024,00 €
Adquisición de rozadoira forestal robusta de dous rotores	16.183,75 €
Adquisición de casetas de madeira para stands	12.584,00 €
Adquisición de luces de Nadal	10.890,00 €
Adquisición de parcela con ref catastral: 0831111PH4003S000011M	20.085,00 €
Subministro de módulo para aseos temporais na praia fluvial	16.029,00 €
Dotación de butacas fixas no salón de actos da Casa Consistorial	31.842,79 €
Adquisición de vehículo para a Brigada Forestal	19.293,39 €
Construción de escolleira en Castro de Abaixo	33.068,07 €
<b>Total</b>	<b>306.323,13</b>

Ascendendo o importe total do convenio a 306.323,13 €, dos cales 300.000,00 € corresponden á achega da Deputación Provincial de Lugo e 6.323,13 € á achega do Concello de Ribas de Sil. por todo o exposto, solicita: Que se teña por presentado este escrito, acompañado das memorias valoradas e do certificado de titularidade e, previos os trámites oportunos, se acorde a modificación do convenio interadministrativo subscrito o 16 de xuño de 2025 entre a Deputación Provincial de

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	13/136



Lugo e o Concello de Ribas de Sil, nos termos expostos, procedéndose á formalización da correspondente addenda. “

“(…)

Expón:

Primeiro.- Que, no marco do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións, formalizado o 16 de xuño de 2025 e que se atopa actualmente vixente, e no que se inclúe, entre outras, a actuación consistente no servizo de “Mantemento e mellora de zonas verdes, viais e espazos públicos”, esta finalizou no mes de decembro de 2025, finalizando o prazo de xustificación o 31 de marzo de 2026.

Segundo.- Que, debido a circunstancias excepcionais consistentes, por unha banda, na demora na recepción da factura correspondente e, por outra, na necesidade de realizar comprobacións adicionais da documentación xustificativa, co fin de garantir a súa correcta adecuación aos requisitos establecidos e a axeitada xustificación dos gastos realizados, prevese que non será posible completar a xustificación dentro do prazo inicialmente establecido.

Terceiro.- Que estas circunstancias non son imputables ao Concello e non afectan a dereitos de terceiros.

Cuarto.- Que o prazo adicional solicitado non excede da metade do prazo inicialmente concedido para a xustificación, conforme ao previsto no convenio.

Por todo o exposto, solicita:

Que, ao abeiro do establecido no citado convenio, se conceda unha ampliación do prazo de xustificación dun (1) mes e medio, co fin de poder presentar a documentación completa en debida forma.

O Concello comprométese a presentar a totalidade da documentación dentro do novo prazo que se conceda”.

#### *Consideracións xurídico-administrativas.*

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula Quinta.- Réxime económico.

“(…)

C) Xustificación da achega económica.


O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Ribas de Sil se aporte a conta xustificativa dos gastos da actuación “Mantemento e mellora de zonas verdes, viais e espazos públicos” enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de marzo de 2026. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

“(…)”

Na cláusula Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	14/136





A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Na cláusula Oitava.- Modificación

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Segunda: En canto ao órgano competente para aprobar a addenda de modificación ao convenio de refe-rencia é a Xunta de Goberno.

#### Conclusiones.

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo.

Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común).

O novo prazo non excede da metade do mesmo.


Que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.

E que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial,

dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a segunda modificación solicitada dende o concello de Ribas de Sil nos termos da addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia”.

Por todo o anteriormente exposto, proponse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	15/136



Aprobar a addenda de modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións: “Rehabilitación da Casa do Ladrillo –fase1: acondicionamento exterior”, “Mantemento e mellora de zonas verdes, viais e espazos públicos” e “Adquisición dunha varredora industrial para as rúas de San Clodio” no Concello de Concello de Ribas de Sil, ano 2025 cuxo contido é o seguinte:

Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións: “Rehabilitación da Casa do Ladrillo – fase1: acondicionamento exterior”, “Mantemento e mellora de zonas verdes, viais e espazos públicos” e “Adquisición dunha varredora industrial para as rúas de San Clodio” no Concello de Concello de Ribas de Sil, ano 2025.

*Reunidos.*

Dunha parte, dona María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

E doutra don Roberto Castro González, Alcalde do Concello de Ribas de Sil, con N.I.F P2705200J e sede social na Praza Maior,1 CP 27310, Ribas de Sil actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

*Manifestan.*

Primeiro: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 6 de xuño de 2025, aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro .Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións: “Rehabilitación da Casa do Ladrillo –fase1: acondicionamento exterior”, “Mantemento e mellora de zonas verdes, viais e espazos públicos” e “Adquisición dunha varredora industrial para as rúas de San Clodio” no Concello de Concello de Ribas de Sil, ano 2025306.323,13 € cuxo contido é o seguinte: (...).

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	16/136





Segundo A aprobación do gasto, por importe de or importe de 300.000,00 € con cargo as seguintes aplicacións orzamentarias do vixente orzamento xeral:  
250.000,00 € na aplicación orzamentaria 9420.76200.  
E 50.000,00 € na aplicación orzamentaria 9420.46200.  
En concepto de achega económica, por parte da Deputación, para o financiamento dos fins e actuación contemplada no convenio”.

Segundo: O citado convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Ribas de Sil formalizouse o 16 de xuño de 2025.

Terceiro: O alcalde do concello de Ribas de Sil remitiu, o 23 de marzo de 2026, dous escritos nos que literalmente se establece o seguinte:

“(…)

Expón:

Primeiro.- Que con data 16 de xuño de 2025 se formalizou un convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para o financiamento das seguintes actuacións municipais: Rehabilitación da Casa do Ladrillo – Fase 1: acondicionamento exterior (incluídos honorarios).

Mantemento e mellora de zonas verdes, viais e espazos públicos.


Adquisición dunha varredora industrial para as rúas de San Clodio.

Segundo.- Que, conforme ao establecido no citado convenio, o Concello ten xa executada a actuación correspondente ao mantemento e mellora de zonas verdes, viais e espazos públicos, atopándose actualmente pendente da súa xustificación.

Terceiro.- Que, no relativo á actuación de adquisición dunha varredora industrial para as rúas de San Clodio, comprobouse durante a tramitación do expediente que o importe inicialmente previsto resulta insuficiente para acceder aos distintos modelos de varredoras de pequeno tamaño dispoñibles no mercado que se adaptan ás características das rúas do núcleo urbano, polo que se considera necesario un incremento do seu orzamento ata os 90.024,00 €.

Cuarto.- Que a actuación denominada Rehabilitación da Casa do Ladrillo – Fase 1: acondicionamento exterior, cun importe de 168.888,25 €, proponse eliminar do convenio, ao atoparse o Concello en disposición de executar esta intervención

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	17/136



mediante outras vías de financiamento, sen que isto prexudique a conservación nin a posta en valor do edificio.

Quinto.- Que, en substitución da actuación eliminada, propónse a inclusión dunha serie de novas actuacións que responden a necesidades actuais e prioritarias do municipio, relacionadas coa mellora dos servizos municipais, das instalacións públicas, da seguridade viaria e do equipamento cultural, mantendo en todo caso o equilibrio financeiro do convenio e sen incremento da achega da Deputación Provincial de Lugo.

Sexto.- Que, como consecuencia das modificacións propostas, o convenio quedaría integrado polas seguintes actuacións:

Actuacións	Custo total (IVE incluído)
Mantemento e mellora de zonas verdes, viais e espazos públicos	56.323,13 €
Adquisición dunha varredora industrial para as rúas de San Clodio	90.024,00 €
Adquisición de rozadoira forestal robusta de dous rotores	16.183,75 €
Adquisición de casetas de madeira para stands	12.584,00 €
Adquisición de luces de Nadal	10.890,00 €
Adquisición de parcela con ref catastral: 0831111PH4003S000011M	20.085,00 €
Subministro de módulo para aseos temporais na praia fluvial	16.029,00 €
Dotación de butacas fixas no salón de actos da Casa Consistorial	31.842,79 €
Adquisición de vehículo para a Brigada Forestal	19.293,39 €
Construción de escolleira en Castro de Abaixo	33.068,07 €
Total	306.323,13

Ascendendo o importe total do convenio a 306.323,13 €, dos cales 300.000,00 € corresponden á achega da Deputación Provincial de Lugo e 6.323,13 € á achega do Concello de Ribas de Sil. por todo o exposto, solicita: Que se teña por presentado este escrito, acompañado das memorias valoradas e do certificado de titularidade e, previos os trámites oportunos, se acorde a modificación do convenio interadministrativo subscrito o 16 de xuño de 2025 entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribas de Sil, nos termos expostos, procedéndose á formalización da correspondente addenda. “

“(…)

Expón:

Primeiro.- Que, no marco do Convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Ribas de Sil para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións, formalizado o 16 de xuño de 2025 e que se atopa actualmente vixente, e no que se inclúe, entre outras, a actuación consistente no servizo de “Mantemento e mellora de zonas verdes, viais e espazos públicos”, esta finalizou no mes de decembro de 2025, finalizando o prazo de xustificación o 31 de marzo de 2026.

Segundo.- Que, debido a circunstancias excepcionais consistentes, por unha banda, na demora na recepción da factura correspondente e, por outra, na necesidade de realizar comprobacións adicionais da documentación xustificativa, co fin de garantir a súa correcta adecuación aos requisitos establecidos e a axeitada xustificación dos

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	18/136





gastos realizados, prevese que non será posible completar a xustificación dentro do prazo inicialmente establecido.

Terceiro.- Que estas circunstancias non son imputables ao Concello e non afectan a dereitos de terceiros.

Cuarto.- Que o prazo adicional solicitado non excede da metade do prazo inicialmente concedido para a xustificación, conforme ao previsto no convenio.

Por todo o exposto, Solicita:

Que, ao abeiro do establecido no citado convenio, se conceda unha ampliación do prazo de xustificación dun (1) mes e medio, co fin de poder presentar a documentación completa en debida forma.

O Concello comprométese a presentar a totalidade da documentación dentro do novo prazo que se conceda”.

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

#### Cláusulas.

Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula primeira e quinta do convenio que quedarán redactadas no seguinte senso:

Cláusula Primeira.- Obxecto

“Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Ribas de Sil en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

Actuacións	Custo total (IVE incluído)
Mantemento e mellora de zonas verdes, viais e espazos públicos	56.323,13 €
Adquisición dunha varredora industrial para as rúas de San Clodio	90.024,00 €
Adquisición de rozadoira forestal robusta de dous rotores	16.183,75 €
Adquisición de casetas de madeira para stands	12.584,00 €
Adquisición de luces de Nadal	10.890,00 €
Adquisición de parcela con ref catastral: 0831111PH4003S000011M	20.085,00 €
Subministro de módulo para aseos temporais na praia fluvial	16.029,00 €

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	19/136



Dotación de butacas fixas no salón de actos da Casa Consistorial	31.842,79 €
Adquisición de vehículo para a Brigada Forestal	19.293,39 €
Construción de escolleira en Castro de Abaixo	33.068,07 €
CUSTE Total	306.323,13

No suposto de producirse alteracións respecto dos gastos de inversión previstos poderán compensarse entre si os importes sempre que todas as actuacións estean executadas e pagadas.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
300.000,00 €	6.323,13 €
TOTAL: 306.323,13 €	

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta. Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida”.

Cláusula Quinta.- Réxime económico.

“A) Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 300.000,00 € (250.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 e 50.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025) para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.-Achega do Concello:

O Concello de Ribas de Sil efectuará unha achega de 6.323,13 € e financiará o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.

B) Titularidade do resultado da cooperación:

O resultado da cooperación será de titularidade municipal.

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Ribas de Sil se aporte a conta xustificativa dos gastos da actuación “Mantemento e mellora de zonas verdes, viais e espazos públicos” enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 15 de maio de 2026.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Ribas de Sil se aporte a conta xustificativa dos gastos das actuacións -investimentos- enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de outubro de 2026.

Así mesmo poderán admitirse contas xustificativas por cada unha das actuacións obxecto do convenio sempre que as mesmas estean totalmente executadas e pagadas.

A achega da Deputación regularizarase coa derradeira conta xustificativa.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	20/136





a) A relación clasificada de gastos das actuacións obxecto deste convenio, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

b) O custo total das actuacións desenvoltas e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos das actuacións atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c) Que as actuacións foron realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

Resolución ou acordo de adxudicación (no suposto de obras)


Escritura pública da adquisición da parcela.

Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificarse coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con eles, fosen previamente establecidas.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	21/136



2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

4. Destino dos bens (5 anos en obras e 2 anos en subministros e servizos).

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente”.

Segunda. As cláusulas do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda de modificación, permanecerán invariables.

Ambas partes acordan incorporar ao convenio, suscrito, con data 16 de xuño de 2025, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda de modificación do que como Secretario dou fe”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**2º.- Proposta relativa á aprobación, se procede, da modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello De Pedrafita para a execución de diversas actuacións no Concello de Pedrafita do Cebreiro, ano 2025.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:


“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece:

“Asunto: Informe favorable

En relación ao asunto de referencia (EXP. 2026/PES\_03/005658) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento emítase o seguinte informe

*Antecedentes de feito.*

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	22/136





Primeiro: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 5 de setembro de 2025, aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro .Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello De Pedrafita para a execución de diversas actuacións no Concello de Pedrafita do Cebreiro, ano 2025 por importe total de 249.000,000 € (que serán financiados pola Deputación) cuxo contido é o seguinte: (...) Segundo A aprobación do gasto, por importe de 249.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio”.

Segundo: O citado convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Samos formalizouse o 11 de setembro de 2025.

Terceiro: O alcalde do concello de Pedrafita do Cebreiro remitiu, o 18 de marzo de 2026, escrito no que se establece o seguinte:

“(…)

Vista a necesidade de reestruturación do obxecto do convenio nas actuación 5 e 6, a consecuencia de que o custe do subministro da máquina telescópica é mais elevado do proxectado inicialmente, e ademais o subministro de letras identificativas do concello a ubicar nas rotondas de acceso ao núcleo de Pedrafita do Cebreiro non é posible, polo mesmo, vese necesario suprimir a actuación 5 denominada “Subministro de letras identificativas do concello para ubicar nas rotondas de acceso ao núcleo de Pedrafita do Cebreiro, e incluír o importe do custe da mesma na actuación 6 denominada “Subministro de máquina telescópica”

(…)”

*Consideracións xurídico-administrativas.*

Primeira.- No convenio de referencia establécese o seguinte:

Na cláusula Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

“A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	23/136



xaneiro 2027 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2026, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público”.

Na cláusula Oitava.- Modificación

“A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo”.

Segunda: En canto ao órgano competente para aprobar a addenda de modificación ao convenio de referencia é a Xunta de Goberno.

### Conclusiones.

Por todo o exposto, e tendo en conta que:

O convenio está vixente e prevese a modificación do mesmo.

Media a vontade de ambas partes (concorrencia de interese común).

Que as circunstancias o aconsellan e con iso non se prexudican dereitos de terceiros.

E que non se alteran as condicións esenciais do documento inicial, dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento informase favorablemente que pola Xunta de Goberno se acorde a modificación solicitada dende o concello de Pedrafita do Cebreiro nos termos da addenda ao convenio incorporada ao expediente e mantendo inalteradas o resto das cláusulas do convenio de referencia”.

Por todo o anteriormente exposto, propónse que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:


Aprobar a addenda de modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello De Pedrafita para a execución de diversas actuacións no Concello de Pedrafita do Cebreiro, ano 2025 cuxo contido é o seguinte:

*Addenda ao modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello De Pedrafita para a execución de diversas actuacións no Concello de Pedrafita do Cebreiro, ano 2025.*

### Reunidos

Dunha parte, dona María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	24/136





E doutra don José Luís Raposo Magdalena, Alcalde do Concello de Pedrafita do Cebreiro, con N.I.F P2704500D e sede social na praza de España, 2 CP 27670, Pedrafita do Cebreiro, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Ante don José Antonio Mourelle Cillero, Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesaria para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

*Manifestan*

Primeiro: A Xunta de Goberno acordou, en sesión celebrada o 5 de setembro de 2025, aprobar a seguinte proposta:

“Primeiro .Aprobar o texto do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello De Pedrafita para a execución de diversas actuacións no Concello de Pedrafita do Cebreiro, ano 2025 por importe total de 249.000,000 € (que serán financiados pola Deputación) cuxo contido é o seguinte: (...) Segundo A aprobación do gasto, por importe de 249.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.76200 do vixente Orzamento Xeral da Deputación de Lugo, para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio”.


Segundo: O citado convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o concello de Samos formalizouse o 11 de setembro de 2025.

Terceiro: O alcalde do concello de Pedrafita do Cebreiro remitiu, o 18 de marzo de 2026, escrito no que se establece o seguinte:

“(…)

Vista a necesidade de reestruturación do obxecto do convenio nas actuación 5 e 6, a consecuencia de que o custe do subministro da máquina telescópica é mais elevado do proxectado inicialmente, e ademais o subministro de letras identificativas do concello a ubicar nas rotondas de acceso ao núcleo de Pedrafita do Cebreiro non é posible, polo mesmo, vese necesario suprimir a actuación 5 denominada “Subministro

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	25/136



de letras identificativas do concello para ubicar nas rotondas de acceso ao núcleo de Pedrafita do Cebreiro, e incluír o importe do custe da mesma na actuación 6 denominada “Subministro de máquina telescópica” (...)”

En virtude do sinalado anteriormente, todos os representantes, recoñécense a capacidade xurídica suficiente e subscriben en nome das entidades ás que representan a presente addenda, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

### Cláusulas

“Primeira.- As partes acordan modificar a cláusula primeira do convenio que quedará redactada no seguinte senso:

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Pedrafita do Cebreiro, en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

ACTUACIÓNS	CUSTE TOTAL
1. Afirmado da rúa Observatorio e honorarios (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)	44.921,12 €
2. Mellora da accesibilidade e reparación de aparcadoiros na travesía da Constitución e Praza de España e honorarios (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)	50.203,32 €
3. Mellora da seguridade viaria na rúa Vía Romana e honorarios (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente)	49.656,01 €
4. Renovación de pavimento da rúa de acceso ao mercado gandeiro e honorarios (proxectos técnicos ou, no seu caso, memorias técnicas necesarias para a execución das actuacións obxecto do convenio, segundo proceda legalmente e dirección de obra e dirección de execución e coordinación de seguridade e saúde nas actuacións do presente convenio que o requiran legalmente):	18.966,74 €
5. Subministro de máquina telescópica	85.252,81 €
<b>CUSTO TOTAL</b>	<b>249.000,00 €</b>

No suposto de que se produzan alteracións respecto a cada un dos gastos previstos poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións relacionadas se atopen executadas e pagadas.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
249.000,00 €€	0,00 €
TOTAL: 249.000,00 €	

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta. Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas das actuacións que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida”.

Segunda. As cláusulas do convenio de referencia, en tanto non queden afectadas por esta addenda de modificación, permanecerán invariables.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	26/136





Ambas partes acordan incorporar ao convenio, suscrito, con data 11 de setembro de 2025, esta addenda a cal se rexerá polas condicións estipuladas no convenio do que trae causa, formando parte integrante do mesmo.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes asinan a presente addenda de modificación do que como Secretario dou fe”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**3º.- Proposta de aprobación do convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Meira para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Prestación de servizos público básicos” no Concello De Meira, ano 2026.**

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:


“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Informe favorable

Visto o escrito remitido dende o Concello de Meira (EXP. 2026/PES\_03/005355) no que solicita a formalización dun convenio para cooperar no financiamento dos seguintes gastos:

- Electricidade
- Comunicación (telefonía e publicidade)
- Materiais de mantemento e funcionamento
- Servizos (mantemento, reparación, alugueiro, subministro..)
- Actividades culturais, turísticas e deportivas
- Axuda no fogar
- Combustible
- Xestión de residuos, seguro camión, lixo, subministro

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	27/136



por importe total de 250.000,00€ (que serán financiados pola Deputación de Lugo) dende a Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento, emítense informe favorable en base ás seguintes consideracións:

*Consideracións xurídico administrativas.*

*Lexislación de réxime local*

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).


Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...)”

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda: A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	28/136





asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira: No artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

*Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público*

Primeira: No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	29/136



Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	30/136





O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislacións orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.-Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Sexta: Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	31/136



## Conclusións

En base ao anteriormente exposto:

Primeira. As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA (encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos).

Segunda. O Municipio de Meira, consonte ao establecido no artigos 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local exerce competencias nas materias obxecto do convenio solicitado.

Terceira. A documentación que consta no expediente correspóndese coa documentación -modelos normalizados- aprobada por acordo de Xunta de Goberno de data 30 de xaneiro de 2026 (de tramitación de convenios interadministrativos con concellos) e modificada o 20 de marzo de 2026

Cuarta: Se adxunta memoria xustificativa segundo o establecido no artigo 50.1 da LRXSP

Quinta.- Consta certificación de Intervención sobre retención de crédito, por importe de 250.000,00 €, na aplicación orzamentaria 4190.46200 no vixente Orzamento Xeral.


Sexta: O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno tendo en conta o importe global do convenio e en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excma. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público”.

E tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobar o texto do convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Meira para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Prestación de servizos público básicos” no Concello De Meira, ano 2026 por importe total de 250.000,00 € (que serán financiados pola Deputación) cuxo contido é o seguinte:

convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Meira para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Prestación de servizos público básicos” no Concello De Meira, ano 2026

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	32/136





*Interveñen.*

Dona María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-27000001 e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Don Antonio De Dios Álvarez, como Alcalde do Concello de Meira, con N.I.F P-2702900H e sede social na Praza do Concello s/n CP 27240, Meira, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Don José Antonio Mourelle Cillero, actuando como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

Recoñecendo a capacidade xurídica e a representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

*Manifestan*

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:  
“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	33/136



dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:


“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: 1 a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto: Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	34/136





preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuenta coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)”

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” -LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	35/136



Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financieira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétnanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	36/136





Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.-A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente subscriben, en nome das entidades ás que representan, o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas.*

Primeira.- Obxecto.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	37/136



Este convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Meira en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuación: FINANCIAMENTO DOS GASTOS DERIVADOS DA EXECUCIÓN DA ACTUACIÓN "PRESTACIÓN DE SERVIZOS PÚBLICO BÁSICOS"	CUSTE TOTAL
- Electricidade: 30.100,00 € - Comunicación (telefonía e publicidade): 7.900,00 € - Materiais de mantemento e funcionamento: 5.200,00 € - Servizos (mantemento, reparación, alugueiro, subministro.): 72.800,00 € - Actividades culturais, turísticas e deportivas: 2.500,00 € - Axuda no fogar: 85.000,00 € - Combustible: 19.800,00 € - Xestión de residuos, seguro camión, lixo, subministro: 26.700,00 €	250.000,00 €

No suposto de que se produzan alteracións poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódolos gastos relacionados se atopen executados e pagados. Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións, comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
250.000,00 €	0,00 €
TOTAL: 250.000,00 €	

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta. Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- **Ámbito territorial.**

O ámbito de desenvolvemento da actuación obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o concello de Meira.

Terceira.- **Fin común.**

Coa formalización do presente convenio preténdese financiar os custos dos servizos públicos que a lei atribúe aos concellos.

Cuarta.- **Obrigas e compromisos das partes.**

4.1. **Deputación Provincial de Lugo**

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.

En caso de producirse baixas, na licitación ou na execución, reducir a achega comprometida pola Deputación ou, previa solicitude do concello, autorizar a aplicación dos remanentes na licitación ou execución doutra actuación que deberá ter a mesma finalidade.

4.2. **O Concello de Meira:**

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Meira, comprométese ao seguinte:

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	38/136





Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido

Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.

O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026.

Realizar as tramitacións xurídico administrativas necesarias para a executar o obxecto do convenio con suxeición á normativa vixente

Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.

Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.

Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.

Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.

Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.

Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Quinta.- Réxime económico.

1. Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 250.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.-Achega do Concello:

O Concello de Meira financiará o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.

Titularidade do resultado da cooperación:

O resultado da cooperación será de titularidade municipal.

Xustificación da achega económica.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	39/136



O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Meira se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de marzo de 2027.

Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

- a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acreedor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
- b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
- c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
- d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
- e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:

1. Que o concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.
2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.
3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)


Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Unha vez aprobada a conta xustificativa se procederá ao seu aboamento.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	40/136





Sexta.- Anticipo.

A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado, con dispensa de garantía, de ata o 80 % do importe total financiado, é dicir, anticipar 200.000,00 €

Neste caso, o representante do Concello deberá remitir a seguinte documentación:

1. Solicitud do anticipo.

2. Declaración responsable na que conste:

Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)

4. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.


A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2026

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de marzo 2028 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2027, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Oitava.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	41/136



vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

Novena.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 ( LRXSP).

A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

Décima.- Comisión de Seguimento

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.


Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- A) Velar polo cumprimento deste convenio.
- B) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- C) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- D) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- E) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	42/136





O Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo nos soportes que aludan ou informen da actuación obxecto do convenio. para o que poderá solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.


**Décimo segunda.-Protección de datos.**

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

**Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.**

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “ Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	43/136



nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).”

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso - administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio .

2º.- A aprobación do gasto, por importe de 250.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200, do vixente orzamento xeral para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**4º.- Proposta de aprobación do convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Antas de Ulla para cooperar no fi-nanciamento dos**

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	44/136





***gastos derivados da execución das actuacións “Mellora de servizos públicos municipais e atención á cidadanía mediante o financiamento de gasto corrente” no Concello de Antas de Ulla (2025-2026).***

Logo de ver a proposta da Presidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe da Sección de Fomento do Servizo de Contratación e Fomento no que literalmente se establece o seguinte:

“Asunto: Informe favorable

Visto o escrito remitido dende o Concello de Antas de Ulla (EXP. 2026/XEN\_01/001124) no que solicita a formalización dun convenio para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Mellora de servizos públicos municipais e atención á cidadanía mediante o financiamento de gasto corrente” no Concello de Antas de Ulla (2025-2026) por importe total de 250.670,28 € (dos que 250.000,00 € serán asumidos pola Deputación).

*Consideracións xurídico administrativas*


*Lexislación de réxime local*

Primeira.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias propias das Deputacións Provinciais, o artigo 36.1 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenrolo económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da LALG ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	45/136



Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas.

Segunda: A lexislación de réxime local é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación tal e como se desprende do contido do artigo 30 do TRRL ,ao sinalar que: “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; (...); c) As subvencións ou axudas de calquera procedencia (...)” 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados 3.- Os servizos aos que debe acadar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...) 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”


A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen do concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Terceira: No artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, dispónse que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Cuarta.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

*Normativa común sobre o réxime xurídico do sector público*

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	46/136





Primeira: No art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro indicase que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Segunda.- O artigo 47.1 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que: “Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común. Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47, no seu punto segundo, sinala, respecto á tipoloxía dos convenios, que: “Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	47/136



Terceira.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, recolle o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarta.- No que respecta ao contido dos convenios, o artigo 49 de Lei 40/2015, sinala que “(...) deberán incluír, polo menos:

Suxeitos que subscriben o convenio e a capacidade xurídica con que actúa cada unha das partes.

A competencia na que se fundamente a actuación da Administración Pública.

O Obxecto do convenio e actuacións a realizar por cada suxeito para o seu cumprimento, indicando, no seu caso, a titularidade do resultado obtido.

Obrigas e compromisos económicos asumidos por cada unha das partes , se os houbera, indicando a súa distribución temporal por anualidades e a súa imputación concreta ao orzamento, de acordo co previsto na lexislación orzamentaria.

Consecuencias aplicables no caso de incumprimentos das obrigas e compromisos asumidos por cada unha das partes, e no seu caso os criterios para determinar a posible sanción por incumprimento

Mecanismos de seguimento, vixilancia e control da execución do convenio e dos compromisos adquiridos polos asinantes.

Réxime de modificación do convenio.

Prazo de vixencia do convenio, tendo en conta:

1.Os convenios deberán ter unha duración determinada, que non poderá ser superior a catro anos, salvo que por norma se prevea un prazo superior.

2.En calquera momento, antes de finalizar o prazo previsto, os asinantes poderán acordar de forma unánime a súa prórroga por un período de ata catro anos adicionais ou a súa extinción.

(...)”.

Quinta.-Polo que se refire ao contido da memoria, debe cumprir co previsto no artigo 50.1 da Lei 40/2015, do 1 de outubro e na Instrución Terceira do Acordo do Consello de Ministros do 15 de decembro de 2017, que establece as cuestións mínimas, en epígrafes diferenciados, a analizar na memoria xustificativa:

“1. A súa necesidade de subscribir o convenio e a oportunidade de facelo nese momento.

2. O seu impacto económico cuantificado.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	48/136





3. A xustificación da natureza xurídica do convenio e, en particular, do carácter non contractual da actividade en cuestión á que se refire o obxecto do convenio.

4. Xustificación do previsto na Lei 40/2015, do 1 de outubro, en particular, no previsto no artigo 48 da citada Lei”

Sexta: Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico–financeira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétima.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

#### Conclusiones

En base ao anteriormente exposto:

Primeira. As competencias que exerce a Deputación Provincial de Lugo, no marco da relación de cooperación que se formaliza a través da sinatura deste convenio, teñen plena cabida nos supostos dos amentados artigos 36.1 da LRBRL e 109 da LALGA.

Ademais, na idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as Administracións Públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público e, polo tanto, con intereses, obxectivos e fins comúns, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da Administración local, establece, no seu artigo 3.3, que: “Non se entenderá como exercicio de novas competencias: (...). f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución de aqueles problemas, tamén comúns, que puideran formularse máis alá do concreto reparto competencial nos distintos sectores da acción pública...” e na letra g)

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	49/136



O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptuado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Segunda. Pola súa banda, o Municipio de Antas de Ulla, consonte ao establecido no artigos 25.2 da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das bases de réxime local exerce competencias nas materias obxecto do convenio solicitado.

Terceira. A documentación que consta no expediente correspóndese coa documentación -modelos normalizados- aprobada por acordo de Xunta de Goberno de data 30 de xaneiro de 2026 (de tramitación de convenios interadministrativos con concellos) e modificada o 20 de marzo de 2026

Cuarta: Se adxunta memoria xustificativa segundo o establecido no artigo 50.1 da LRXSP

Quinta.- Consta certificación de Intervención sobre retención de crédito, por importe de 250.000,00 €, na aplicación orzamentaria 4190.46200 no vixente Orzamento Xeral.

Sexta: O órgano competente para a aprobación do gasto, concesión desta axuda e aprobación do convenio no que se instrumenta, é a Xunta de Goberno tendo en conta o importe global do convenio e en base ao establecido no artigo 59.8 e 18 do vixente regulamento orgánico da Excm. Deputación Provincial (BOP, núm. 202 de data 3 de setembro de 2020) en relación co disposto no artigo 118.1 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público”.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o expediente foi fiscalizado de conformidade por Intervención, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:


Primeiro .Aprobar o texto do convenio para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Mellora de servizos públicos municipais e atención á cidadanía mediante o financiamento de gasto corrente” no Concello de Antas de Ulla (2025-2026) por importe total de 250.670,28 € (dos que 250.000,00 € serán asumidos pola Deputación) cuxo contido é o seguinte:

Convenio para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Mellora de servizos públicos municipais e atención á cidadanía mediante o financiamento de gasto corrente” no Concello de Antas de Ulla (2025-2026).

*Interveñen.*

Dona María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	50/136





nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local.

Dona Pilar García Porto, como Alcaldesa do Concello de Antas de Ulla, con N.I.F P2700300C e sede social na Plaza de España, 2 CP 27570, Antas de Ulla, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Don José Antonio Mourelle Cillero, actuando como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

Recoñecendo a capacidade xurídica e a representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

*Manifestan*

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.


Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	51/136



“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: 1 a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto: Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	52/136





O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)”

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)”

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: “(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	53/136



no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)”.

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: “é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia”, subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financieira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece ,na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	54/136





Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.-A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente subscriben, en nome das entidades ás que representan, o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

### Cláusulas

#### Primeira.- Obxecto

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Antas de Ulla en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	55/136



Actuacións: "MELLORA DE SERVIZOS PÚBLICOS MUNICIPAIS E ATENCIÓN Á CIDADANÍA MEDIANTE O FINANCIAMENTO DE GASTO CORRENTE" NO CONCELLO DE ANTAS DE ULLA (2025-2026).
ANO 2025: 55.512,12 € ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS E FESTIVAS: 55.512,12 € - ALUGUER E MONTAXE DE LUCES DE NADAL: 6.171,00 € (5.100,00 € SEN IVE) - ALUGUER DE XERADORES PARA FESTEXOS MUNICIPAIS: 726,00 € (600,00 € SEN IVE) - ACTUACIÓNS MUSICAIS E CULTURAS DESENVOLTAS EN FESTIVIDADES E CELEBRACIÓN: (EXCLUÍDA A FEIRA TURÍSTICA EN SESTAO): 48.615,12€ (40.177,78 SEN IVE)
ANO 2026: 195.158,16 € PRESTACIÓN DE SERVIZOS BÁSICOS MUNICIPAIS: 23.905,08 € - REALIZACIÓN DE ANALÍTICAS DE AUGAS: 7.193,41€ (5.944,97 SEN IVE) - TRABALLOS DE MANTEMENTO DE DEPÓSITOS DE AUGA: 1.372,14 € (1.134,00 € SEN IVE) - REPARACIÓN E MANTEMENTO DO ALUMADO PÚBLICO: 6.871,29 € (5.678,75 € SEN IVE) - MANTEMENTO E REPARACIÓN DE MAQUINARIA E VEHÍCULOS: 6.350,78 € (5.248,58 SEN IVE) - SERVIZO DE LACERÍA E CANCEIRA DE ANIMAIS: 2.117,46 € (1.749,97 SEN IVE) SUBMINISTRACIÓN PARA SERVIZOS BÁSICOS MUNICIPAIS: 47.096,85€ - SUBMINISTRO DE ENERXÍA ELÉCTRICA: 26.781,78 € (22.133,70 € SEN IVE) - SUBMINISTRO DE COMBUSTIBLES PARA VEHÍCULOS: 12.389,95 € (10.239,63 SEN IVE) - MATERIAL DIVERSO DE FERRETERÍA: 7.925,12 € (6.549,69 € SEN IVE) SUBMINISTRACIÓN PARA SERVIZOS DE XESTIÓN ORDINARIA DE ADMINISTRACIÓN XERAL: 6.395,90 € - MATERIAL DE OFICINA: 2.886,90 € (2.385,87 € SEN IVE) - SUBMINISTROS PARA A CIDADANÍA (CALENDARIOS DE PAREDE): 3.509,00 € (2.900,00 SEN IVE) CANON DE SERVIZOS DE RECOLLIDA E TRATAMENTO DE RESIDUOS: 34.619,27 € (28.610,97 SEN IVE) TRABALLOS DE MANTEMENTO DE INFRAESTRUTURAS MUNICIPAIS: 4.235,00 € (3.500,00 € SEN IVE) PÓLIZA DE SEGURO DE RESPONSABILIDADE CIVIL: 11.234,47 € CON IVE/SEN IVE. ACTIVIDADES SOCIOCULTURAS E FESTIVAS: 21.538,00€ : - PARQUES INFANTÍS: 2.299,00€ (1.900,00€ SEN IVE) - ACTUACIÓNS MUSICAIS E CULTURAS DESENVOLTAS EN FESTIVIDADES E CELEBRACIÓN: 19.239,00€ (15.900,00 € SEN IVE) PRESTACIÓN DE SERVIZOS DE XESTIÓN ORDINARIA DE ADMINISTRACIÓN XERAL: 46.133,59€ - MANTEMENTO E COTAS DE APLICACIÓNS INFORMÁTICAS DE USO NAS OFICINAS E SERVIZOS MUNICIPAIS: 19.612,75 € (16.208,88 SEN IVE) - XESTIÓN DE REDES SOCIAIS E COMUNICACIÓN INSTITUCIONAL: 7.260,00 € (6.000,00€ SEN IVE) - SERVIZO DE ASESORAMENTO URBANÍSTICO: 10.890,00 € (9.000,00€ SEN IVE) - SERVIZO DE ASESORÍA LABORAL: 4.827,90 € (3.990,00€ SEN IVE) - SERVIZO DE MANTEMENTO DE FOTOCOPIADORAS: 3.542,94 € (2.928,05 SEN IVE) TOTAL: 250.670,28 € (209.115,30 SEN IVE)

No suposto de que se produzan alteracións poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións ou os gastos relacionados se atopen executados e pagados.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións, comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
250.000,00 €	670,28 €
TOTAL: 250.670,28 €	

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta. Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

**Segunda.- Ámbito territorial**

O ámbito de desenvolvemento das actuacións obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Antas de Ulla.

**Terceira.- Fin común**

Coa formalización do presente convenio pretendese garantir a prestación de servizos municipais de calidade, o correcto mantemento das infraestruturas locais e o fortalecemento do tecido social e económico do municipio.

**Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.**

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	56/136





4.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.

En caso de producirse baixas, na licitación ou na execución, reducir a achega comprometida polo concello ou, previa solicitude do concello, autorizar a aplicación dos remanentes na licitación ou execución doutra actuación que deberá ter a mesma finalidade.


4.2. O Concello de Antas de Ulla:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, concello de Antas de Ulla, comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. O prazo de execución das actuacións obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2025 ata o 30 de xuño de 2026.
4. Realizar as tramitacións xurídico administrativas necesarias para a executar o obxecto do convenio con suxeición á normativa vixente
5. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actuacións obxecto deste convenio.
7. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto último de lograr o fin do presente convenio.
9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Quinta.- Réxime económico.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	57/136



A) Achegas:

1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 250.000,00€ con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.-Achega do Concello:

O Concello de Antas de Ulla efectuará unha achega de 670,28 € e financiará o importe que reste e sexa necesario para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

B) Titularidade do resultado da cooperación:

O resultado da cooperación será de titularidade municipal.

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o concello de Antas de Ulla se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de marzo de 2027 Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

a) A relación clasificada de gastos das actuacións obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

b) O custo total das actuacións desenvoltas e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos das actuacións atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c) Que as actuacións foron realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.


(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

C)Declaración responsable emitida pola representante do Concello na que se recolla:

1. Que o concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	58/136





3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificativo.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Unha vez aprobada a conta xustificativa se procederá ao seu aboamento.

#### Sexta.- Anticipo

A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado, con dispensa de garantía, de ata o 80 % do importe total financiado, é dicir, anticipar 200.000,00 €.

Neste caso a representante do Concello deberá remitir a seguinte documentación:

1. Solicitud do anticipo.

2. Declaración responsable na que conste:

Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Que o concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)

3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

#### Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	59/136



A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2025.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de marzo 2028 debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2027, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

#### Oitava.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

#### Novena.- Extinción e efectos.

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 ( LRXSP).

A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

#### Décima.- Comisión de Seguimento.

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituirse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.


Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarase ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

a)Velar polo cumprimento deste convenio.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	60/136





- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
  - c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
  - d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
  - e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.
- Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

**Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade.**

O Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo nos soportes que aludan ou informen da actuación obxecto do convenio. para o que poderá solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial.


De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

**Décimo segunda.- Protección de datos.**

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	61/136



exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD.

**Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación.**

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “ Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...)”. Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...)”.

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	62/136





E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio .

**2º.-** A aprobación do gasto, por importe de 250.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 9420.46200, do vixente orzamento xeral para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**5º.- Proposta de aprobación, se procede, da Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros, para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “senda ciclable de San Cosme a San Bartolo, tramo 1: de San Cosme ao campo de fútbol municipal”, no Concello de Barreiros (Aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 30 de decembro de 2025).**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Asunto: Modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros, para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “senda ciclable de San Cosme a San Bartolo, tramo 1: de San Cosme ao campo de fútbol municipal”, no Concello de Barreiros (Aprobado por acordo da Xunta de Goberno do 30 de decembro de 2025).

I.- O 30 de decembro de 2025 asinouse polos representantes da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Barreiros o convenio interadministrativo de cooperación referenciado no encabezamento.

Consonte ao establecido na súa cláusula primeira, as actuacións que constitúen o seu obxecto teñen un custo de 528.958,48 €.

A Deputación de Lugo comprometeuse a financiar o dito custo, executando as actuacións na súa totalidade, segundo se estipula na mesma cláusula primeira, na cláusula cuarta e no número 1 da letra A) da cláusula quinta.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	63/136



II.- O 4 de marzo de 2026, tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade escrito da representante do Concello de Barreiros no que, tras facer referencia a unha serie de erros de cálculo nas partidas do proxecto que se tivo en conta para a sinatura do convenio, solicitou a súa modificación.

Concretamente, a representante do Concello de Barreiros achega un novo proxecto de obra, cos prezos revisados, e cun orzamento base de licitación de 545.116,68 €, solicitando a modificación do convenio para que o compromiso económico asumido pola Deputación, no seu seo, alcance o dito custo real das obras.

III. Á vista do expediente, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, informouse favorablemente a modificación do convenio, a cal se levaría a cabo a través da correspondente addenda, por considerar acreditados: o interese común na dita modificación; que esta non altera as condicións esenciais do documento inicial; e que, así mesmo, cumpre cos requisitos de vixencia do convenio e os límites temporais establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, dende a Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitiuse informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Do mesmo xeito, á vista do expediente, o Servizo de Fiscalización informouno de conformidade.

Polo exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se acorde:

**1º.-** A modificación das cláusulas primeira e quinta. A.1) do convenio de referencia e a aprobación do texto da addenda do seguinte teor:


*“Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros, para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Senda ciclable de San Cosme a San Bartolo, tramo 1: de San Cosme ao campo de fútbol municipal” no Concello de Barreiros, ano 2025*

*Reunidos.*

Dunha parte, dona María del Carmen López Moreno, presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con NIF P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1.b) da Lei 7/1985, do 2 de abril, reguladora das Bases do Réxime Local; e, no seu nome, don Daniel García Fernández, deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude de Resolución da Presidencia do 16 de xaneiro de 2026.

E doutra, dona Ana Belén Ermida Igrexas, alcaldesa do Concello de Barreiros, con NIF P2700500H e sede social na rúa Vila, 63, CP 27790, Barreiros, actuando en nome e

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	64/136





representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local.

Actúa don José Antonio Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, no exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

Ambas as partes recoñécense mutuamente capacidade xurídica e representación necesarias para obrigarse nos termos da presente addenda e a tal efecto,

*Expoñen.*

Primeiro.- O 30 de decembro de 2025 asinouse polos representantes da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Barreiros o convenio interadministrativo de cooperación referenciado no encabezamento.

Consonte ao establecido na súa cláusula primeira, as actuacións que constitúen o seu obxecto teñen un custo de 528.958,48 €.

A Deputación de Lugo comprometeuse a financiar o dito custo, executando as actuacións na súa totalidade, segundo se estipula na mesma cláusula primeira, na cláusula cuarta e no número 1 da letra A) da cláusula quinta.

Segundo.- O 4 de marzo de 2026, tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade escrito da representante do Concello de Barreiros no que, tras facer referencia a unha serie de erros de cálculo nas partidas do proxecto que se tivo en conta para a sinatura do convenio, solicitou a súa modificación.

Concretamente, a representante do Concello de Barreiros achega un novo proxecto de obra, cos prezos revisados, e cun orzamento base de licitación de 545.116,68 €, solicitando a modificación do convenio para que o compromiso económico asumido pola Deputación, no seu seo, alcance o dito custo real das obras.

Terceiro.- Á vista do expediente, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, informouse favorablemente a modificación do convenio, a cal se levaría a cabo a través da correspondente addenda, por considerar acreditados: o interese común na dita modificación; que esta non altera as condicións esenciais do

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	65/136



documento inicial; e que, así mesmo, cumpre cos requisitos de vixencia do convenio e os límites temporais establecidos na Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

Así mesmo, dende a Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación e Fomento, tendo en conta que mediaba a vontade das partes e que o convenio estaba vixente e que recollía a posibilidade da súa modificación, emitiuse informe xurídico favorable á mesma, no senso indicado no informe e nos borradores de proposta e addenda remitidos dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Do mesmo xeito, á vista do expediente, o Servizo de Fiscalización informouno favorablemente.

De conformidade con estes antecedentes, as partes acordan modificar o convenio de cooperación de referencia, mediante esta addenda e de conformidade coas seguintes

*Estipulacións.*

Primeira.- A Cláusula primeira.- Obxecto, queda redactada do seguinte xeito:

Este Convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros, en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuación	CUSTE TOTAL
Creación dunha senda ciclable de San Cosme a San Bartolo, tramo 1; de San Cosme ao Campo de Fútbol municipal	545.116,68 €
CUSTE TOTAL	545.116,68 €

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
545.116,68 €	0,00 €
TOTAL: 545.116,68 €	

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta. Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- A Cláusula quinta.- Réxime económico modifícase co seguinte teor:

A) Achegas:

1.- Achega da Deputación:


A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 545.116,68 € con cargo ás seguintes aplicacións orzamentarias do vixente Orzamento Xeral:

528.958,48 € con cargo á aplicación orzamentaria 3342.7620055

16.158,20 € con cargo á aplicación orzamentaria 3342.76200

2.- Achega do Concello:

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	66/136





O Concello de Barreiros financiará o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.

B) Titularidade do resultado da cooperación:

O resultado da cooperación será do Concello de Barreiros.

C) Xustificación.

Unha vez finalizadas as obras contempladas neste convenio e, en todo caso, como máximo, o 30 de novembro de 2026, a Deputación de Lugo notificará este feito ao Concello de Barreiros, ao efecto de que este abone, no seu caso, a cantidade prevista no número 2 da letra A) desta mesma cláusula quinta.

A dita notificación irá acompañada da/s certificación/s correspondente/s, así como da acta de recepción das obras executadas.

Recibida a notificación, o Concello de Barreiros aboará á Deputación, no seu caso, as cantidades que lle correspondan no prazo dun mes, e achegará a documentación xustificativa do ingreso na conta da Deputación: ES04 2080 0163 85 3110000423.

Terceira.- As partes acordan a incorporación desta addenda ao texto do convenio interadministrativo de referencia, rexéndose aquela polas condicións estipuladas neste e formando parte del integrante.

O resto das cláusulas do convenio quedan inalteradas.


E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan a presente addenda, que consta de 4 páxinas numeradas, na data da sinatura electrónica, do que como secretario dou fe.

**2º.-** A aprobación do gasto, por importe de 16.158,20 €, con cargo á aplicación orzamentaria 3342.76200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026, derivado das modificacións citadas”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**6º.- Proposta de aprobación, se procede, do convenio entre a Deputación Provincial de Lugo e do Concello de A Pobra do Brollón, para a “Limpeza e**

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	67/136



***mantemento de camiños rurais”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria rural.***

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Don José Luís Maceda Vilariño, en nome e representación do Concello de A Pobra do Brollón, con NIF: P2704700J, presentou no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade, o 2 de marzo de 2026, escrito mediante o cal solicita a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta, coa Deputación Provincial de Lugo, de actuacións de “limpeza e mantemento de camiños rurais”, para o fin común de mellora da infraestrutura viaria rural.

Detectados erros na dita solicitude, dende a Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, requiriuse ao representante do Concello de A Pobra do Brollón para a súa emenda, que se produciu coa presentación de documentación adicional o 3 de marzo de 2026.

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para tela en consideración:

Informe da Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, no que se estima procedente: a aprobación do texto do citado convenio e do gasto derivado da súa subscrición.

Memoria xustificativa, emitida dende a mesma Sección, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional das actuacións, e o cumprimento do previsto na Lei do Réxime Xurídico do Sector Público.

Borrador do texto do convenio proposto pola Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, relativo ao texto do convenio proposto pola Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.


Á vista dos documentos e actuacións precedentes, o Servizo de Fiscalización manifestou a súa conformidade en informe do 24 de marzo de 2026.

Tendo en conta o exposto, propono que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir polos representantes da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de A Pobra do Brollón do seguinte teor:

*“Convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de A Pobra do Brollón para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución de*

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	68/136





*actuacións de “Limpeza e mantemento de camiños rurais” no Concello de A Pobra do Brollón, ano 2026*

*Interveñen*

Dona María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-27000001 e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local; e, no seu nome, don Daniel García Fernández, deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude de Resolución da Presidencia do 16 de xaneiro de 2026.

Don José Luís Maceda Vilariño, como Alcalde do Concello de A Pobra do Brollón, con N.I.F P2704700J e sede social na Avda. de Galicia, 50, CP 27330, A Pobra do Brollón, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.


Don José Antonio Mourelle Cillero, actuando como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.

Recoñecendo a capacidade xurídica e a representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

*Manifestan*

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Legislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	69/136



Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.

Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:


“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: 1 a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sostibilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto: Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	70/136





voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuenta coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

“1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)

2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados

3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)

6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sostibilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” -LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualdo legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	71/136



asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).

Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financieira e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.


Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece, na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndose elas, rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrépanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	72/136





teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).


Noveno.-A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.

Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente subscriben, en nome das entidades ás que representan, o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas*

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	73/136



Primeira.- Obxecto.

Este convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de A Pobra do Brollón, en exercicio das súas competencias, para a execución das actuacións que se detallan a continuación:

Actuacións de limpeza e mantemento de camiños rurais no Concello de A Pobra do Brollón	CUSTE TOTAL (IVE engadido)
Contratación de dous tractoristas, durante seis meses, 100% da xornada laboral	29.201,07 €
Contratación de un peón de limpeza, durante tres meses, 100% da xornada laboral	6.148,04 €
Gastos de mantemento e funcionamento de maquinaria (coitelas, combustible, etc.)	4.650,89 €
CUSTE TOTAL	40.000,00 €

No suposto de que se produzan alteracións poderán compensarse entre si os distintos importes sempre que tódalas actuacións ou os gastos relacionados se atopen executados e pagados.

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións, comprométese a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
40.000,00 €	0,00 €
TOTAL: 40.000,00 €	

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta. Ambas administracións comprométese a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento das actuacións obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de A Pobra do Brollón.

Terceira.- Fin común.

Coa formalización do presente convenio preténdese:

Mellorar a infraestrutura viaria rural.

Contribuír, con elo, á vertebración social e económica da Provincia.

Xerar cohesión social e territorial, mellorando as condicións de vida e traballo no medio rural e contribuíndo, deste xeito, a frear o seu despoboamento.

Contribuír ao aumento da competitividade agraria e forestal.

Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

4.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.

2. En caso de producirse baixas, na licitación ou na execución, reducir a achega comprometida pola Deputación ou, previa solicitude do concello, autorizar a aplicación dos remanentes na licitación ou execución doutra actuación que deberá ter a mesma finalidade.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	74/136





4.2. O Concello de A Pobra do Brollón:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de A Pobra do Brollón, comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. O prazo de execución das actuacións obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026.
4. Realizar as tramitacións xurídico administrativas necesarias para a executar o obxecto do convenio con suxeición á normativa vixente
5. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actuacións obxecto deste convenio.
7. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

Quinta.- Réxime económico

A) Achegas:


1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 40.000,00 € con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

2.-Achega do Concello:

O Concello de A Pobra do Brollón financiará o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	75/136



B) Titularidade do resultado da cooperación:

O resultado da cooperación será do Concello de A Pobra do Brollón.

C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o Concello de A Pobra do Brollón se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de marzo de 2027. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

a) A relación clasificada de gastos das actuacións obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

b) O custo total das actuacións desenvoltas e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos das actuacións atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c) Que as actuacións foron realizadas na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución das actuacións obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

f) Descrición dos traballos realizados (ubicación e temporalidade) polo persoal contratado.

Declaración responsable emitida polo/a representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

2. Que o Concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.


3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	76/136





O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Unha vez aprobada a conta xustificativa se procederá ao seu aboamento.

**Sexta.- Anticipo.**

A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado, con dispensa de garantía, de ata o 80 % do importe total financiado, é dicir, anticipar 32.000,00 €.

Neste caso, o representante do Concello deberá remitir a seguinte documentación:

1. Solicitude do anticipo.

2. Declaración responsable na que conste:

Que o Concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)

3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

**Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo**

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2026.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de marzo 2028, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2027, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.

**Oitava.- Modificación**

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	77/136



A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

#### Novena.- Extinción e efectos

O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incorrer en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 ( LRXSP).

A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incorrer en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

#### Décima.- Comisión de Seguimento

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituírse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.

Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.
- e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control.

Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	78/136





**Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade**

O Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo nos soportes que aludan ou informen da actuación obxecto do convenio. para o que poderá solicitalos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.


**Décimo segunda.-Protección de datos**

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD .

**Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación**

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “ Quedan excluídos do ámbito da presente

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	79/136



Lei os convenios, cuxo contido non esté comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre sí pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Ciudades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder adxudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cúmprense as condicións fixadas ao efecto polo párrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades intervintes non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).”

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso - administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 40.000 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026, a favor do Concello de A Pobra do Brollón, en concepto de achega económica comprometida pola Deputación no seo do devandito convenio”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	80/136





**7ª.- Proposta de probación, se procede, do convenio interadministrativo entre a Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Barreiros, para a “contratación de catro peóns para mantemento da rede viaria e espazos públicos no rural”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar e Mocidade, do seguinte teor:

“Dona Ana Belén Ermida Igrexas, en nome e representación do Concello de Barreiros, con NIF: P2700500H, solicitou, mediante escrito que tivo entrada no Rexistro Electrónico Xeral desta entidade o 13 de marzo de 2026, a formalización dunha relación interadministrativa de cooperación para a realización conxunta, coa Deputación Provincial de Lugo, da “contratación de catro peóns para mantemento da rede viaria e espazos públicos no rural”, para o fin común de mellora dos servizos públicos no rural; engadindo documentación complementaria o día 16 do mesmo mes.

No expediente relativo á dita solicitude constan, ademais dos documentos esixidos por esta entidade para tela en consideración:


Informe da Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, no que se estima procedente: a aprobación do texto do citado convenio e do gasto derivado da súa subscrición.

Memoria xustificativa, emitida polo mesmo centro xestor, onde constan os antecedentes e obxectivos perseguidos coa formalización do convenio, e onde se analizan: a súa necesidade e oportunidade, o seu impacto económico, o carácter non contractual e non subvencional da actuación, e o cumprimento do previsto na LRXSP. Borrador do texto do convenio proposto pola Sección I de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

Certificación, emitida polo Servizo de Contabilidade e Contas, de existencia de saldo suficiente para a autorización do gasto que a sinatura do convenio supón para a Deputación de Lugo.

Informe favorable da Sección I de Fomento, do Servizo de Contratación, relativo ao texto do convenio proposto pola Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	81/136



Á vista dos documentos e actuacións precedentes, Servizo de Fiscalización manifestou a súa conformidade en informe do 25 de marzo de 2026.

Tendo en conta o exposto, propoño que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aprobación do texto do convenio interadministrativo de cooperación a subscribir polos representantes da Deputación Provincial de Lugo e do Concello de Barreiros do seguinte teor:

“Convenio interadministrativo entre a deputación provincial de lugo e o concello de barreiros para cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “contratación de catro peóns para mantemento da rede viaria e espazos públicos do rural” no concello de barreiros, ano 2026

#### *Interveñen*

Dona María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con N.I.F P-2700000I e sede social na rúa San Marcos 8, CP 27001, Lugo, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34.1 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local; e, no seu nome, don Daniel García Fernández, deputado delegado da Área de Medio Rural e do Mar, e Mocidade, en virtude de Resolución da Presidencia do 16 de xaneiro de 2026.

Dona Ana Belén Ermida Igrexas, como Alcaldesa do Concello de Barreiros, con N.I.F P2700500H e sede social na rúa Vila, 63, CP 27790, Barreiros, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

Don José Antonio Mourelle Cillero, actuando como Secretario Xeral da Deputación Provincial de Lugo.


Recoñecendo a capacidade xurídica e a representación necesaria para obrigarse nos termos do presente convenio e a tal efecto,

#### *Manifestan*

Primeiro.- O artigo 111 do Real Decreto Lexislativo 781/86 de 18 de abril, do texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala que: “as Entidades Locais poderán concertar os contratos, pactos ou condicións que teñan por conveniente, sempre que non sexan contrarios ó interese público, ó ordenamento xurídico ou ós principios de boa administración, e deberán cumprilos a teor dos mesmos, sen prexuízo das prerrogativas establecidas, no seu caso, a favor de ditas Entidades”.

Segundo.- O artigo 47 da Lei 40/2015, de 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público, recolle a definición de convenios, establecendo que:

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	82/136





“Son convenios os acordos con efectos xurídicos adoptados polas Administracións Públicas, os organismos públicos e entidades de dereito público vinculados ou dependentes ou as Universidades públicas ente si ou con suxeitos de dereito privado para un fin común.

Os convenios non poderán ter por obxecto prestacións propias dos contratos. En tal caso, a súa natureza e réxime xurídico axustarase ao previsto na lexislación de contratos do sector público. (...)”.


Este mesmo artigo 47 sinala os tipos de convenios, ao establecer:

“Os convenios que subscriban as Administracións Públicas, os organismos públicos e as entidades de dereito público vinculados ou dependentes e as universidades públicas, deberán corresponder a algún dos seguintes tipos: 1 a) Convenios interadministrativos, asinados entre dúas ou mais Administracións públicas, ou ben entre dous ou mais organismos públicos ou entidades de dereito público vinculadas ou dependentes de distintas administracións públicas... (...)”.

Terceiro.- En canto aos requisitos de validez e eficacia dos convenios, o artigo 48 da amentada Lei 40/2015, dispón o seguinte: “1. As Administracións Públicas poderán subscribir convenios con suxeito de dereito público e privado, sen que elo poida supoñer cesión de titularidade ou competencia; (...); 3. A subscrición de convenios deberá mellorar a eficiencia da xestión pública, facilitar a utilización conxunta de medios e servizos públicos, contribuír a realización de actividades de utilidade pública e cumprir coa lexislación de estabilidade orzamentaria e sustentabilidade financeira; (...); 5. Os convenios que inclúan compromisos financeiros deberán ser financeiramente sostibles, debendo quen os subscriban, ter capacidade para financiar os asumidos durante a vixencia do convenio; 6. As aportacións financeiras que se comprometan a facer os asinantes non poderán ser superiores aos gastos derivados da execución do convenio; (...); 8.- Os convenios perfecciónanse pola prestación do consentimento das partes. (...)”.

Cuarto: Aparte das previsións de cooperación das Deputacións cos Concellos, fixadas na lexislación de réxime local, a normativa común sobre o réxime xurídico do sector público alude ás relacións de cooperación interadministrativa (aplicables neste caso a dúas administracións municipais) como aparello técnico- administrativo manexado na proposta e no convenio analizados, no art. 3.1.k da Lei 40/2015, do 1 de outubro

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	83/136



ao indicar que: “as administracións públicas, deberán respectar na súa actuación e relacións os principios de cooperación, colaboración e coordinación entre as Administracións Públicas”. Esta cooperación horizontal, resulta coherente cos principios que rexen as relacións interadministrativas tal e como se prevé no artigo 140 da mesma Lei, citando no seu apartado 1.a) “lealdade institucional” e concretando no artigo 141, na súa letra d) que consecuentemente aquelas deberán “Prestar, no ámbito propio, a asistencia activas que as outras administracións puideran recadar para o eficaz exercicio das súas competencias”.

Ademais, conforme aos artigos 143 e 144 desta mesma Lei 40/2015: “ 1. As administracións cooperarán ao servizo do interese xeral podendo acordar de maneira voluntaria a forma de exercer as súas respectivas competencias que mellor sirva a este principio. 2. A Formalización de relacións de cooperación requirirá a aceptación expresa das partes, formulada en acordos dos órganos de cooperación ou en convenios. (...). 2. Nos convenios e acordos nos que se formalice a cooperación preveranse as condicións e compromisos que asumen as partes que os subscriben. 3. Cada Administración pública manterá actualizado un rexistro electrónico dos órganos de cooperación nos que participe e de convenios que subscriba”.

Quinto.- A lexislación de réxime local tamén é consecuente coa autoorganización a través de relacións de cooperación.

O artigo 30 do RDL 781/1986, de 18 de abril, polo que se aproba o Texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local, sinala:

- “1.- A Deputación cooperará á efectividade dos servizos municipais, preferentemente dos obrigatorios, aplicando a tal fin: a) medios económicos propios da mesma que se asignen; b) subvencións ou axudas financeiras que conceda o estado ou CCAA; c) (...)  
 2.- A cooperación poderá ser total ou parcial, segundo aconsellen as circunstancias económicas dos Municipios interesados  
 3.- Os servizos a que debe alcanzar a cooperación serán, en todo caso, os relacionados como mínimos no artigo 26 da Lei 7/1985, de 2 de abril.(...)  
 6.- As formas de cooperación serán: (...) h) Subscrición de convenios administrativos; (...)”

A lexislación de réxime local de Galicia, nesa idea de potenciar a colaboración e cooperación entre as administracións públicas para a satisfacción dos intereses xerais, nun sistema multinivel de poder público, e por ende con intereses, obxectivos e fins comúns, a través da Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro, de racionalización e sustentabilidade da administración local, precisa no seu artigo 3.3 que: “non se entenderán como o exercicio de novas competencias, (...), f) a colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para solventar os problemas comúns que poidan formularse alen de o concreto reparto competencial entre os distintos sectores da acción pública de acordo co ar. 193.2 da Lei 5/1997” –LALGA-, precepto este que regula a colaboración entre as administracións públicas autonómicas, e tamén o auxilio administrativo do art. 193.4 da LALGA conceptualmente legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlle apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	84/136





Sexto.- Son fins propios e específicos da Provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social (art. 31.2 LBRL).

Entre as competencias das Deputacións Provinciais, o artigo 36 da citada LBRL sinala: "(...) b) Asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos Municipios, especialmente os de menor capacidade económica e de xestión; (...), d) A cooperación no fomento do desenvolvemento económico e social e na planificación no territorio provincial, de acordo coas competencias das demais Administracións Públicas neste ámbito. (...)".

No mesmo senso se pronuncia o artigo 109 da Lei de Administración Local de Galicia (Lei 5/1997 do 22 de xullo), ao sinalar que: "é competencia propia da Deputación, en calquera caso, en xeral, o fomento e a administración dos intereses peculiares da provincia", subliñando que as competencias propias das Deputacións son ademais das atribuídas polas leis do Estado, as asignadas no mesmo concepto polas leis das Comunidades Autónomas (artigo 36.1 LBRL na súa vixente redacción).


Os artigos 114 e 115 da LRALG regulan respectivamente, a asistencia económico-financiera e a asistencia técnica aos concellos, aplicables ao fin deste convenio.

Sétimo.- A cooperación da Deputación Provincial cos concellos atribúese directamente polo ordenamento xurídico como unha competencia propia (cooperación competencial), aínda así a súa formalización require o consentimento da outra parte (o Concello) para evitar que por medio da técnica de cooperación se limite a autonomía e o libre exercicio das funcións municipais.

A determinación competencial das Entidades locais, fixada na lexislación básica estatal, complementase coa lexislación de réxime local autonómica e coa normativa sectorial estatal e autonómica, posto que a STC 41/2016, de 3 marzo, interpreta o reformado artigo 25 da LBRL (reformado pola LRSAL), declarando que as Leis das comunidades autónomas poden atribuír competencias propias aos municipios ao igual que outras leis estatais sectoriais.

Así, a Lei 5/2014, do 27 de maio, de medidas urxentes derivadas da entrada en vigor da Lei 27/2013, do 27 de decembro (LRSAL) establece, na súa Disposición Adicional Primeira, que as competencias atribuídas ás entidades locais pola lexislación autonómica antes da entrada en vigor da LRSAL, continuarán exercéndose elas,

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	85/136



rexéndose pola indicada lexislación ou, de ser o caso, polo dereito estatal aplicable como supletorio.

A maiores, no art. 3.3 Lei 5/2014 concrétnanse aquelas actividades que non se entenden como o exercicio de novas competencias, entre as que cita na letra f) A colaboración entre administracións entendida como o traballo en común para a solución daqueles problemas, tamén comúns, que poidan formularse máis alá da concreta repartición competencial nos distintos sectores da acción pública, de acordo co artigo 193.2 da Lei 5/1997 e na letra g) O auxilio administrativo, de acordo co disposto no artigo 193.4 da Lei 5/1997, conceptualizado legalmente como o deber que teñen tódalas administracións de prestarlles apoio e asistencia activa as demais para que estas poidan exercer axeitadamente as súas competencias.

Oitavo.- Sinalar que o convenio interadministrativo se configura como unha relación xurídica bilateral voluntaria, na que concorren competencias e fins comúns a todas as entidades, tanto pola causa, como polos fins e mesmo o seu ámbito, entendendo que a cooperación horizontal interadministrativa contribúe eficazmente á satisfacción dun fin público compartido, colaboración admitida tanto pola lexislación do réxime local estatal e autonómico, como polo artigo 12.4 da Directiva 2014/24, UE, do Parlamento Europeo, segundo se recolle na guía de colaboración pública horizontal (público – público).

Determinacións que se incorporan ao artigo 31 da Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público ao referirse a potestade de autoorganización e aos sistemas de cooperación pública, neste caso horizontal, vía convenio e sen que os resultados desa cooperación poda cualificarse de contractual, cumprindo as condicións enmarcadas no artigo 6.1 da mesma Lei de Contratos do Sector Público (lograr os obxectivos compartidos, guiándose por consideracións de interese público).

Noveno.-A subscrición deste convenio mellora a eficiencia na xestión pública, contribúe á utilización conxunta de medios e servizos públicos, etc., e ademais encádrase no deber de colaboración e asistencia e cooperación xurídica, económica e técnica aos concellos sinalada no artigo 36 da Lei 7/85, de Bases de réxime local.


Neste sentido, o propio artigo 57 da LBRL da preferencia á subscrición de convenios, antes que a outras técnicas de cooperación como os consorcios, como un instrumento eficaz na asignación de recursos públicos.

En virtude do sinalado anteriormente subscriben, en nome das entidades ás que representan, o presente Convenio interadministrativo de cooperación, guiados exclusivamente por consideracións de interese público, de conformidade coas seguintes:

#### Cláusulas

Primeira.- Obxecto.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	86/136





Este convenio ten por obxecto establecer as bases de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Barreiros, en exercicio das súas competencias, para a execución da actuación que se detalla a continuación:

Actuación	CUSTE TOTAL
Contratación de catro peóns de servizos múltiples, durante nove meses, para mantemento da rede viaria e espazos públicos no rural	68.461,20 €
<b>CUSTE TOTAL</b>	<b>68.461,20 €</b>

Para acadar este obxectivo compartido, ambas administracións, comprométense a realizar as seguintes achegas económicas:

ACHEGA DEPUTACIÓN	ACHEGA CONCELLO
68.461,20 €	0,00 €
<b>TOTAL: 68.461,20 €</b>	

As achegas económicas efectuaranse nos termos establecidos na cláusula quinta. Ambas administracións comprométense a realizar as tramitacións xurídico administrativas que resulten necesarias para acadar o fin común, prestándose mutuamente a cooperación requirida.

Segunda.- Ámbito territorial.

O ámbito de desenvolvemento da actuación obxecto do presente convenio é a provincia de Lugo, e concretamente o Concello de Barreiros.

Terceira.- Fin común.

Coa formalización do presente convenio pretendese a mellora dos servizos públicos no rural.

Cuarta.- Obrigas e compromisos das partes.

4.1. Deputación Provincial de Lugo

En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométense ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	87/136



2. En caso de producirse baixas, na licitación ou na execución, reducir a achega da Deputación ou, previa solicitude do concello, autorizar a aplicación dos remanentes na licitación ou execución doutra actuación que deberá ter a mesma finalidade.

#### 4.2. O Concello de Barreiros:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Barreiros, comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. O prazo de execución da actuación obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro de 2026 ata o 31 de decembro de 2026.
4. Realizar as tramitacións xurídico administrativas necesarias para a executar o obxecto do convenio con suxeición á normativa vixente
5. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coa actuación obxecto deste convenio.
7. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.

#### Quinta.- Réxime económico.

##### A) Achegas:

##### 1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 68.461,20 € con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2026 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.

##### 2.- Achega do Concello:

O Concello de Barreiros financiará o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.


##### B) Titularidade do resultado da cooperación:

O resultado da cooperación será do Concello de Barreiros.

##### C) Xustificación da achega económica.

O prazo inicialmente previsto para que dende o Concello de Barreiros se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 31 de marzo de 2027. Este prazo de xustificación pode ser obxecto de ampliación, debidamente motivada, por causas excepcionais non imputables ao Concello a través da modificación deste convenio sempre que o convenio estea vixente, non se prexudiquen dereitos de terceiros e o novo prazo non exceda da metade do mesmo.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	88/136





A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.

b) O custo total da actuación desenvolta e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos da actuación atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.

c) Que a actuación foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.

d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.

e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio)

f) Descrición dos traballos realizados (ubicación e temporalidade) polo persoal contratado.

Declaración responsable emitida polo/a representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

2. Que o Concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	89/136



Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Unha vez aprobada a conta xustificativa se procederá ao seu aboamento.

#### Sexta.- Anticipo.

A Deputación Provincial de Lugo poderá realizar un aboamento anticipado, con dispensa de garantía, de ata o 80 % do importe total financiado, é dicir, anticipar 54.768,96 €.

Neste caso, a representante do Concello deberá remitir a seguinte documentación:

1. Solicitud do anticipo.

2. Declaración responsable na que conste:

Que o Concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social.

Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

(o modelo de declaración será facilitado polo centro xestor do convenio)

3. Documento, emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do anticipo.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

#### Sétima.- Vixencia do convenio interadministrativo.

A vixencia do presente convenio xurdirá efecto a partir da data da súa sinatura, aínda que con efectos económicos desde o 1 de xaneiro de 2026.

A data límite de vixencia do convenio será coa aprobación da conta xustificativa e o seu pagamento que, salvo prórroga expresa antes da súa finalización será o 31 de marzo 2028, debendo estar aprobada a conta xustificativa na data límite do 31 de decembro de 2027, respectando en todo caso o límite temporal do artigo 49, letra h) da Lei 40/2015, do 1 de outubro, do Réxime Xurídico do Sector Público.


#### Oitava.- Modificación.

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal máximo previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

#### Novena .- Extinción e efectos.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	90/136





O convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto ou por incurrir en causas de resolución.

Son causas de resolución as sinaladas expresamente no artigo 51.2 da amentada Lei 40/2015, de 01 de outubro, do RXSP e tamén pola entrada en vigor de disposicións legais ou regulamentarias que determinen a súa extinción.

O cumprimento e a resolución do convenio dará lugar á liquidación do mesmo, co obxecto de determinar as obrigas e compromisos de cada unha das partes, tendo en conta o disposto no artigo 52 da amentada Lei 40/2015 (LRXSP).

A extinción do convenio derivada do cumprimento das actuacións que constitúen o obxecto do mesmo levarase a cabo por resolución presidencial. E a extinción do convenio por incurrir en causas de resolución efectuarase por acordo da Xunta de Goberno.

**Décima.- Comisión de Seguimento.**

Tendo en conta o establecido no artigo 49.f da Lei 40/2015, do RXSP, para o bo desenvolvemento das actividades obxecto deste convenio, seguimento, vixilancia e control poderá constituírse unha Comisión Mixta, de composición paritaria, integrada por dous representantes de cada unha das entidades que resolverá os problemas de interpretación e cumprimento que poidan xurdir respecto do presente convenio. Ostentará a Presidencia da comisión de seguimento quen sexa do ente Provincial.


Os membros da Comisión poderán delegar a súa representación e voto noutra persoa da súa mesma organización. Poderán asistir á Comisión como invitados, con voz pero sen voto, aquelas persoas que en cada momento se considere necesario.

O seu funcionamento acomodarse ao disposto na Lei 40/2015 do 1 de outubro de 2015, do RXSP, tomando como referencia as normas establecidas para o funcionamento dos órganos colexiados.

Serán funcións desta Comisión de Seguimento as seguintes:

- a) Velar polo cumprimento deste convenio.
- b) Planificar, fomentar, supervisar e avaliar as accións que se vaian emprender ao abeiro do presente convenio.
- c) Adoptar ou propoñer as medidas necesarias para garantir o exercicio coordinado das competencias de cada unha das partes.
- d) Resolver os problemas de interpretación que poidan xurdir.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	91/136



e) E en xeral, as que o artigo 49.f da Lei 40/2015, do réxime xurídico do sector público, lle atribúe aos mecanismos de seguimento, vixilancia e control. Así mesmo, o responsable do centro xestor do convenio será o encargado de acreditar o cumprimento dos requisitos nel establecidos para a realización dos pagamentos.

**Décimo primeira.- Sistemas de comunicación, información e publicidade**

O Concello incorporará os “logotipos” institucionais da Deputación Provincial de Lugo nos soportes que aludan ou informen da actuación obxecto do convenio. para o que poderá solicitálos ao Gabinete de Presidencia do Ente Provincial.

De acordo co establecido no artigo 7, apartados 3 e 4, da Ordenanza de Uso da Lingua Galega da Deputación de Lugo, publicada no BOP de Lugo número 212, de data 14 de setembro de 2016, o concello deberá cumprir o requisito de que sexan en galego, ao igual que a Deputación Provincial.

Ambas administracións autorízanse reciprocamente, coa sinatura do presente convenio, a comunicar e difundir polos medios ou canles que consideren axeitados, a actividade que é obxecto deste convenio, e a súa condición de entidades colaboradoras.

**Décimo segunda.-Protección de datos**

O tratamento de datos persoais que puideran obterse na execución do presente convenio deberá realizarse de conformidade coa normativa aplicable en materia de protección de datos e, en particular, co disposto no Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello do 27 de abril de 2016 relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos (RGPD) e na Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais. Así mesmo, os datos persoais dos representantes facilitados polas partes (datos de identificación, de contacto, profesionais e de representación ou apoderamento) así como no seu caso os dos representantes designados na Comisión Mixta de Seguimento, serán tratados exclusivamente coa finalidade de formalizar e executar o presente convenio, e de cumprir coas misións de interese público ou poderes públicos conferidos legalmente ás partes, sobre a base do disposto no artigo 6.1e) RGPD .

**Décimo terceira.- Carácter do convenio de cooperación**

O presente convenio ten natureza administrativa e non lle é de aplicación a Lei de contratos do sector público á vista do disposto no artigo 6 da Lei 9/2017, de 8 de novembro, de Contratos do Sector Público, pola que se traspón ao ordenamento xurídico español as Directivas do Parlamento Europeo e do Consello 2014/23/UE e 2014/24/UE, de 26 de febreiro de 2014: “ Quedan excluídos do ámbito da presente Lei os convenios, cuxo contido non estea comprendido no dos contratos regulados nesta Lei ou en normas administrativas especiais celebrados entre si pola Administración Xeral do Estado, as Entidades Xestoras e os Servizos Comúns da Seguridade Social, as Universidades Públicas, as Comunidades Autónomas e as Cidades Autónomas de Ceuta e Melilla, as Entidades locais, as entidades con personalidade xurídico pública dependentes delas e as entidades con personalidade xurídico privada, sempre que, neste último caso, teñan a condición de poder

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	92/136





adjudicador. A súa exclusión queda condicionada ao cumprimento das seguintes condicións (...). Neste caso, cumprense as condicións fixadas ao efecto polo parágrafo 1º deste artigo sexto (letras a, b, c) xa que as entidades que interveñen non teñen vocación de mercado (...), o convenio establece unha cooperación entre as entidades coa finalidade de garantir que os servizos públicos que lles incumben se presten de xeito que se acaden os obxectivos que teñen en común e, que o desenvolvemento da cooperación se guía unicamente por consideracións relacionadas co interese público. Ademais, no artigo 31.1 desta Lei, relativo á potestade de autoorganización e sistemas de cooperación pública vertical e horizontal, establécese que:

“As entidades pertencentes ao sector público poderán cooperar entre si dalgunha das seguintes formas, sen que o resultado desa cooperación poida cualificarse de contractual:

(...) b) Mediante sistemas de cooperación horizontal entre entidades pertencentes ao sector público, previa celebración dos correspondentes convenios, nas condicións e cos límites que se establecen no apartado 1 do artigo 6. (...).”

As partes comprométense a resolver de xeito amizoso, calquera desacordo que poida xurdir no desenvolvemento do presente convenio a través da Comisión de Seguimento constituída.

Nestes supostos de cooperación entre Administracións Públicas, con contraprestacións entre as mesmas non é de aplicación a lexislación xeral de subvencións, consonte ao establecido no artigo 2.4 do Real Decreto 887/2006, no 21 de xullo, polo que se aproba o regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións.

Este convenio ten natureza administrativa e rexerese pola Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local, así como pola Lei 40/2015, do 1 de outubro (artigos 47 e seguintes) e restantes disposicións de concordante e xeral aplicación, sendo competente para entender nos litixios que puidesen xurdir a xurisdición contencioso – administrativa.

E en proba de conformidade cos termos expostos, as partes comparecentes asinan o presente convenio.

2º.- Aprobación do gasto, por importe de 68.461,20 €, con cargo á aplicación orzamentaria 4190.46200 do Orzamento Xeral Provincial para o exercicio 2026, derivado da subscripción do dito convenio”.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	93/136



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**8ª.- Proposta de aprobación de addenda de modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Samos co obxecto de cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución da actuación “Conservación e reforma do pavillón deportivo municipal de Samos. fase 1” no Concello de Samos, ano 2025 (Aprobado por acordo da Xunta de Goberno de data 17 de outubro de 2025).**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Deportes no que literalmente se indica:

Asunto: Modificación mediante addenda do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Samos para a execución das actuacións consistentes na “Conservación e reforma do pavillón deportivo municipal de Samos. fase 1” no Concello de Samos, ano 2025.

En relación ao asunto de referencia emítase o seguinte informe:

Primeiro.- O 03 de novembro de 2025 asinouse o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Samos para a execución das actuacións consistentes na “Conservación e reforma do pavillón deportivo municipal de Samos. fase 1” no Concello de Samos, ano 2025, ano 2025, aprobado por acordo de Xunta de Goberno de 17 de outubro de 2025.

Na súa virtude, o Concello de Samos comprometeuse, entre outros, a executar as actuacións relacionadas co obxecto deste convenio na data límite do 30 de setembro de 2026. E así mesmo, asumiu a obriga de presentar ante a Deputación Provincial de Lugo a respectiva conta xustificativa das actuacións e dos gastos realizados, unha vez transcorrido o prazo de execución das actuacións previstas e contempladas no referido convenio, no prazo inicialmente previsto que abarca ata o 31 de outubro de 2026 para a xustificación dos gastos executados.


Segundo.- A representante legal do Concello de Samos remitiu escrito, o 10/03/2026 14:10:45 (2026/PES\_03/005014) e número de rexistro 2026RT004396, solicitando a modificación do convenio asinado no que atinxe á data límite de execución dos investimentos (30 de setembro de 2026) e no relativo á data de xustificación dos gastos executados (31 outubro 2026).

No seu escrito, o Concello de Samos expón como causas da referida solicitude de incremento de prazos e modificación do convenio:

"Debido a dificultade de cumprir cos prazos administrativos derivados do expediente (concesión de permisos sectoriais, adxudicación das obras, execución, xustificación...) pola complexidade da adxudicación e realización da presente obra,

Solicita:

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	94/136





Que se conceda unha ampliación no prazo de execución ata o 30 de novembro de 2026 e no de xustificación ata o 04 de decembro de 2026".

O Concello de Samos xustifica, por tanto, a súa solicitude de modificación do convenio de referencia e consecuente modificación dos prazos de execución e xustificación relativos á actuación "Conservación e reforma do pavillón deportivo municipal de Samos. fase 1" no Concello de Samos, ano 2025 na dificultade de cumprir cos prazos administrativos derivados do expediente, no tempo inicialmente establecido para levar a cabo a actuación.

Terceiro.- En todo caso, acreditada a concorrencia de interese común e visto que non se alterarían as condicións esenciais do documento inicial, a xuízo do servizo de Deportes, e á vista das circunstancias expostas polo Concello de Samos, a petición de modificación de prazos formulada ha de encaixarse atendendo as necesidades expostas polo Concello de Samos, e así mesmo, ao equilibrio nas previsións de trámites ordinarios derivados da revisión e posible emenda de documentación prevista no convenio, dos trámites do propio servizo de Deportes e dos demais servizos da Deputación afectados, polo que se considera procedente asumir a petición expresa do concello de Samos no relativo ao novo prazo de execución (30 de novembro de 2026) de acordo ás causas reflectidas na solicitude, e así mesmo modular, -polas razóns expostas-, a petición formulada pola administración local no relativo ao novo prazo de xustificación, situando como nova data límite o 4 de decembro de 2026 para a xustificación dos gastos executados obxecto do convenio.

Cuarto.- No que á modificación do convenio respecta, a administración local realiza a petición ao abeiro da cláusula oitava do convenio de referencia que reflicte expresamente:

Oitava.- Modificación

A modificación deste convenio poderá realizarse por mutuo acordo das partes, acreditando a concorrencia de interese común, e co límite substantivo de non alterar as condicións esenciais do documento inicial, e sempre e cando dito convenio este vixente, respectando o límite temporal previsto no artigo 49.h da Lei 40/2015, do 01 de outubro, do Réxime xurídico do Sector Público.

A modificación do convenio levarase a cabo mediante addenda ao mesmo.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	95/136



Ha de terse en conta que a modificación dos prazos obxecto de solicitude non altera as condicións esenciais do convenio aprobado, dado que só se refire á ampliación dos prazos de execución e xustificación indicados anteriormente e previstos no documento convenio inicial.

Por todo o exposto, a xuízo do servizo de Deportes procede informar favorablemente a modificación do convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Samos para a execución das actuacións consistentes na “Conservación e reforma do pavillón deportivo municipal de Samos. fase 1” no Concello de Samos, ano 2025, formalizado o 03 de novembro de 2025, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente.

Á vista do informe favorable do servizo de Deportes, analizada a petición e causas expostas pola administración local e as previsións recollidas no convenio aprobado.

Á vista do informe favorable do servizo de Contratación e Secretaría Xeral.

Á vista do informe de Intervención.

Por todo o exposto, o deputado que subscribe propón que pola Xunta de Goberno se adopten os seguintes acordos:

**1º.-** Aprobar a addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Samos para a execución das actuacións consistentes na “Conservación e reforma do pavillón deportivo municipal de Samos. fase 1” no Concello de Samos, ano 2025, formalizado o 03 de novembro de 2025, nos termos da addenda que se incorpora ao expediente:


*Addenda ao convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación de Lugo e o Concello de Samos co obxecto de cooperar no financiamento dos gastos derivados da execución das actuacións “Conservación e reforma do pavillón deportivo municipal de Samos. fase 1” no Concello de Samos, ano 2025.*

*Reunidos.*

Dunha parte, dona María del Carmen López Moreno, Presidenta da Deputación Provincial de Lugo, con C.I.F. P-2700000I e sede social en Lugo, rúa San Marcos 8, actuando en nome e representación da citada entidade, segundo dispón o artigo 34 b) da Lei 7/85, reguladora das Bases de Réxime Local e, no seu nome, don Efrén Castro Caloto, en virtude da resolución presidencial de data 16 de xaneiro de 2026.

E doutra, dona María Jesús López López, Alcaldesa do Concello de Samos, con N.I.F P2705500C e sede social na Praza de España 1, CP 27620, Samos, actuando en nome e representación da citada entidade de acordo co disposto no art. 21.1 da Lei 7/1985, de 2 de abril, reguladora das bases do réxime local.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	96/136





Actuando don José Mourelle Cillero, secretario xeral da Deputación Provincial de Lugo, en exercicio das funcións que lle son propias de acordo coa normativa de aplicación.

E actuando as partes en razóns das súas respectivas competencias e recoñecéndose poderes e facultades para formalizar a presente addenda,

*Expoñen.*

Primeiro.- O 03 de novembro de 2025 asinouse o convenio interadministrativo de cooperación entre a Deputación Provincial de Lugo e o Concello de Samos para a execución das actuacións consistentes na "Conservación e reforma do pavillón deportivo municipal de Samos. fase 1" no Concello de Samos, ano 2025, aprobado por acordo de Xunta de Goberno de 17 de outubro de 2025.

Segundo.- A representante legal do Concello de Samos remitiu escrito, o 10/03/2026 14:10:45 (2026/PES\_03/005014) e número de rexistro 2026RT004396 no que literalmente se recolle o seguinte:

"Debido a dificultade de cumprir cos prazos administrativos derivados do expediente (concesión de permisos sectoriais, adxudicación das obras, execución, xustificación...) pola complexidade da adxudicación e realización da presente obra,

Solicita:

Que se conceda unha ampliación no prazo de execución ata o 30 de novembro de 2026 e no de xustificación ata o 04 de decembro de 2026".


En base ao anteriormente exposto, as partes acordan modificar o convenio de colaboración de referencia, mediante esta addenda e de conformidade coas seguintes:

*Cláusulas.*

Primeira.- A Cláusula cuarta.- Obrigas e compromisos das partes do amentado convenio queda redactada do seguinte xeito:

4.1. Deputación Provincial de Lugo

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	97/136



En cumprimento do presente convenio interadministrativo de cooperación, a Deputación Provincial comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta.
2. En caso de producirse baixas na licitación ou na execución, reducir a achega da Deputación.

Non obstante ditas baixas poderán utilizarse para financiar, no seu caso, ata o 10% do exceso de medicións recollido na certificación final.

#### 4.2. O Concello de Samos:

En cumprimento do presente convenio de cooperación, o Concello de Samos, comprométese ao seguinte:

1. Efectuar a achega económica prevista na cláusula quinta e o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio e dar cumprimento ao fin común perseguido
2. Aportar tódolos terreos, edificios e outras construcións necesarios para a correcta execución do obxecto do convenio.
3. O prazo de execución das actuacións obxecto do convenio abarca dende o 1 de xaneiro 2025 ata o 30 de novembro de 2026.
4. Actuar como órgano de contratación e licitar a execución das actuacións con suxeición ao establecido na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de Contratos do Sector Público.
5. Procurar os permisos e autorizacións necesarias para a correcta execución do obxecto do convenio.
6. Convidar á representación institucional da Deputación de Lugo aos actos oficiais, recepción e calquera outros relacionados coas actuacións obxecto deste convenio.
7. Difundir a cooperación prestada polo ente provincial segundo o establecido na cláusula décimo primeira.
8. Prestar colaboración en todas aquelas actuacións para as cales fora requirido co obxecto ultimo de lograr o fin do presente convenio.
9. Facilitar a información requirida para desenvolver a publicidade institucional referente a este convenio de cooperación, o seu obxecto e fin.
10. Autorizar cantas inspeccións e comprobacións se determinen pola Deputación Provincial de Lugo.
11. Destinar o obxecto do convenio ao fin para o que foi concedido (2 anos en subministrados e servizos e 5 anos en obras).

Segunda.- A Cláusula Quinta.- Réxime económico. queda redactada do seguinte xeito:

#### A) Achegas:

##### 1.- Achega da Deputación:

A Deputación de Lugo efectuará unha achega de 396.184,88€ con cargo á aplicación orzamentaria 3410.76200 do Orzamento Xeral da Deputación de Lugo da anualidade 2025 para cubrir os gastos que se deriven da execución do obxecto deste convenio.


##### 2.-Achega do Concello:

O Concello de Samos financiará o importe que reste e sexa necesario para a correcta execución do obxecto do convenio.

#### B) Titularidade do resultado da cooperación:

O resultado da cooperación será do Concello de Samos

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	98/136





C) Xustificación da achega económica.

A data límite para que dende o concello de Samos se aporte a conta xustificativa dos gastos enmarcados dentro deste convenio abarca ata o 4 de decembro de 2026.

A conta xustificativa a aportar debe ter o seguinte contido:

Memoria de actuacións realizadas.

Certificación expedida polo Secretario/Interventor do Concello na que se recolla:

- a) A relación clasificada de gastos da actuación obxecto deste convenio, con identificación do acredor e do documento, o seu importe, a data de emisión, a data pagamento e a descrición do gasto.
- b) O custo total das actuacións desenvoltas e os importes do financiamento, acreditando que a relación de gastos das actuacións atópase executada, as obrigas recoñecidas ou liquidadas polo órgano competente e pagadas.
- c) Que as actuacións foron realizadas na súa totalidade co cumprimento das condicións estipuladas neste convenio.
- d) As subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación, con indicación do seu importe e procedencia ou, no seu caso, declaración de non ter outras subvencións ou axudas obtidas doutras administracións públicas ou entidades públicas ou privadas para o mesmo obxecto contemplado neste convenio de cooperación.
- e) Que en tódalas actuacións e soportes que se utilizaron para a execución da actuación obxecto deste convenio se fixo constar a cooperación da Deputación Provincial de Lugo.

(o modelo de certificación será facilitado polo centro xestor do convenio).

Resolución ou acordo de adxudicación.

Acta de recepción. Nos supostos en que a Intervención da comprobación material da inversión non sexa preceptiva a comprobación da inversión xustificárase coa acta de conformidade asinada polos que participaron na comprobación material da inversión ou coa certificación expedida polo Xefe do centro, dependencia ou organismo a quen corresponda recibir ou aceptar as obras, servizos ou adquisicións, na que se expresará haberse feito cargo do material adquirido, especificándoo có detalle necesario para a súa identificación, ou haberse executado a obra ou servizo con

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	99/136



arranxo ás condicións xerais e particulares que, en relación con eles, fosen previamente establecidas.

Declaración responsable emitida polo representante do Concello na que se recolla:

1. Que o Concello asumiu o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)”, por non ter a posibilidade compensalo ou recuperalo. Ou ben, indicando que o concello non asume o custo do IVE por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

2. Que o concello se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e fronte á seguridade social.

3. Que o Concello non é debedor por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

4. Destino do ben (5 anos en obras )

(o modelo de declaración responsable será facilitado polo centro xestor do convenio)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o número da conta na que se procederá, no seu caso, ao abono do gasto xustificado.

Dende a Deputación poderá requirirse documentación adicional para corroborar a correcta execución do obxecto do convenio.

O Centro xestor deberá xuntar, á documentación xustificativa remitida polo Concello, certificado de estar ao corrente coas obrigas tributarias expedido pola Deputación Provincial de Lugo.

Unha vez aprobada a conta xustificativa polo Organismo Provincial, este procederá ao aboamento da cantidade que resulte fiscalizada favorablemente.

Terceira.- O resto das cláusulas do convenio asinado permanecen inalteradas en tanto non se ven afectadas por esta addenda.

E para que así conste, en proba de conformidade de canto antecede, asinan a presente addenda, que consta de 4 páxinas numeradas, en triplicado exemplar, e a un só efecto, no lugar e data expresados no encabezamento, do que como secretario dou fe”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.


**9º.- Proposta de adhesión e aprobación do convenio entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Promoción Económica e Social, do seguinte teor:

“Visto o informe do Servizo de Comunicación e TICs – Sección Novas Tecnoloxías, de data 23 de marzo de 2026 onde literalmente se establece o seguinte:

“O pasado 13 de novembro de 2025 asinouse un novo Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital. Este

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	100/136





convenio ven a renovar e dar continuidade a un convenio anterior ao que esta Deputación xa estaba adherido e que ten como obxectivo regular o uso por parte das Entidades Locais de aplicativos, servizos e infraestruturas TIC que a Xunta de Galicia pon a súa disposición.

O presente convenio terá unha vixencia dende a súa sinatura ata o 31 de decembro de 2028 cabendo a posibilidade de prórroga por un máximo de 4 anos. Por outra parte, a adhesión a dito convenio non supón ningunha obriga económica adicional para a Deputación de Lugo, sen embargo sí hai certos servizos que se ofrecen dentro do catálogo que precisan dunha cuota ou un pago por uso no caso de que a Deputación decidise facer uso deles.

A través deste convenio o que se pretende é establecer un marco para compartir plataformas, infraestruturas, recursos e servizos tecnolóxicos da Xunta de Galicia coas Entidades Locais. O Anexo I do convenio establece o catálogo de servizos que se inclúen inicialmente e título orientativo dentro do convenio e que se irá actualizando e incorporando de forma automática segundo se vaian poñendo a disposición por parte da Xunta de Galicia. Este catálogo de servizos clasifícase en tres categorías:

A. Servizos dixitais da Xunta de Galicia. Permite a unha entidade local integrar ou utilizar diferentes sistemas da Xunta de Galicia como son:

- Rede corporativa da Xunta de Galicia.
- Conexión a rede SARA.
- Servizo Rexistro-SIR a través de AIRES,
- Servizo Chave365,
- Plataforma de intermediación de datos PasaXe!,
- Servizo de notificacións Notifica.gal,
- Servizos de licitación electrónica SiLex,
- Punto Xeral de Entrada de Facturas Electrónicas (SEF),
- Rexistro Electrónico Xeral de Apoderamentos
- Servizos de certificación dixital
- Sistemas de tradución automatizada, Gaio.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	101/136



En concreto a Deputación de Lugo está a utilizar actualmente o sistemas PasaXe!, os servizos de certificación dixital (que permite emitir certificados dixitais a empregados públicos e cidadáns) e a rede Sara.

B. Servizos especializados en seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais.

Neste caso non só se ofrecen servizos en materia de seguridade de información e de ciberseguridade (monitorización, xestión de vulnerabilidades, ciberexercicios, monitorización do tráfico, consultoría) senón que tamén permitirá acceder a servizos de cloud computing en modalidades IaaS (infraestrutura como servizo), PaaS (plataforma como servizo) e SaaS (software como servizo) tanto no cloud privado da Xunta como no cloud público.

C. Datos e territorio. Ten como obxectivo poñer en marcha a Plataforma Galicia Territorio Intelixente, para consolidar unha base cartográfica única con toda a información en tempo real xerada a través de redes de sensorización, captación de imaxes e outras fontes de datos, comezando coa integración da rede ICousas que ten despregado máis de 300.000 sensores IoT (internet das cousas).

Este convenio complementa ao asinado entre a Administración Xeral do Estado (Ministerio para la Transformación Digital y de la Función Pública) e a Comunidade Autónoma de Galicia (Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia) para a prestación mutua de solucións básicas de administración dixital, ao que a Deputación de Lugo se adheriu tras resolución de presidencia de data 28 de xullo de 2025, e permite seguir avanzando na modernización da administración mediante a colaboración interadministrativa e a reutilización de software e infraestrutura.

Segundo as intruccións remitidas pola Xunta de Galicia, unha vez aprobada a adhesión ao presente convenio por parte da Deputación de Lugo, debe de remitirse un correo electrónico á cau-periferico@xunta.gal indicando no asunto do correo "Solicitud de acceso á Sala de Sinaturas. Convenio Xunta-Fegamp desenvolvemento administración dixital" e, no corpo, indicaranse os seguintes datos

Datos do representante da Deputación de Lugo

NIF: <DNI Presidenta da Deputación de Lugo>

Nome e apelidos <Nome e apelidos da Presidenta da Deputación de Lugo>

Cargo: Presidenta da Deputación de Lugo

Nome da entidade local á que representa: Deputación de Lugo

Conta de correo electrónico de contacto: presidencia@deputacionlugo.org

Órgano competente da entidade local que aprobou a adhesión.

Data na que o organo competente aprobou a adhesión.

Considerando as circunstancias expostas, visto que a Deputación xa está a facer uso dalgún dos servizos que se recollen no citado convenio e co obxectivo de avanzar na modernización da entidade a través da colaboración administrativa e a reutilización de servizos e recursos TIC, sendo competencia da Presidenta a subscripción do

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	102/136





presente convenio, informase á presidencia sobre a necesidade de iniciar as actuacións administrativas oportunas conducentes a:

Primeiro.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital

Segundo.- Aprobar a adhesión da Deputación de Lugo ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital nos termos indicados no anexo.

Terceiro.- Remitir, dende o Servizo de Comunicación e TICs, a información solicitada por correo electrónico a cau-periferico@xunta.gal para que se poña, na sala de sinaturas da Xunta de Galicia, o modelo de adhesión á firma da Presidenta da Deputación de Lugo”.

Polo anteriormente exposto, tendo en conta que o convenio non ten impacto económico, ,formúlase á Xunta de Goberno a seguinte proposta de acordo:

1º.- Aprobar o texto do Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital cuxo contido é o seguinte:

Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital.

*Reunidos.*

Dunha parte, don Diego Calvo Pouso, conselleiro de Presidencia, Xustiza e Deportes, que en virtude do seu nomeamento mediante o Decreto 44/2024 do 14 de abril (Diario Oficial de Galicia número 73, do 14 de abril) actúa de conformidade coas facultades que lle atribúe o artigo 34 da Lei 1/1983, do 22 de febreiro, reguladora da Xunta e do seu presidente, así como o Decreto 49/2024, do 22 de abril, polo que se fixa a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	103/136



Doutra parte, don Julián Cerviño Iglesia director da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (en diante Amtega), nomeado polo Decreto 149/2022, do 1 de setembro, (DOG núm. 167, do 2 de setembro) en virtude das facultades que lle confire o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Amtega e se aproban os seus estatutos, modificado polo Decreto 9/2021, do 21 de xaneiro, polo que se suprime o Centro Informático para a Xestión Tributaria, Económico- Financeira e Contable (Cixtec) e se modifica o Decreto 252/2011, do 15 de decembro, polo que se crea a Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e se aproban os seus estatutos.

Doutra parte, don Alberto Varela Paz, presidente da Federación Galega de Municipios e Provincias (en diante Fegamp), no uso das facultades que lle son atribuídas polo artigo 46, punto primeiro letra b dos vixentes Estatutos da Fegamp (aprobados pola Asemblea Xeral Ordinaria do 4 de decembro de 2003) e en virtude do seu nomeamento pola Asemblea Xeral do 15 de novembro de 2023.

Todas as partes comparecen en nome e representación das súas respectivas institucións, recoñecendo de modo recíproco capacidade, lexitimidade, suficiencia e vixencia das súas respectivas facultades para subscribir o presente convenio, e na súa virtude,

*Expoñen.*

Primeiro.- A Xunta de Galicia e as Entidades locais de Galicia, definidas nos artigos 1 e 2 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia (en diante, Entidades Locais), teñen acadado un importante avance na posta en marcha de servizos dixitais tanto para a relación coa cidadanía, como para o seu funcionamento interno e para as relacións interadministrativas.

Segundo.- Entre as competencias que, no referente ás relacións coas Entidades Locais, corresponden á Xunta de Galicia, de acordo co disposto nos artigos 194 e 195 da Lei 5/1997, do 22 de xullo, reguladora da Administración Local de Galicia, está a de colaboración e cooperación, podendo levar a cabo mediante a subscripción de convenios. Os instrumentos de colaboración entre a administración autonómica e local, están consolidados en diferentes ámbitos de desenvolvemento dixital.

Terceiro.- Correspóndelle á Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, conforme ao disposto no Decreto 136/2024, do 20 de maio, polo que se establece a estrutura orgánica da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, entre outras, as atribucións relativas á xestión do Portal da Administración local de Galicia (Eidolocal), así como o fomento e o impulso da incorporación das novas tecnoloxías, en colaboración coa Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, e de métodos de calidade nas administracións locais galegas.

Cuarto.- A Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia, na súa disposición

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	104/136






adicional terceira, autorizou a creación da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia (Amtega).

Segundo o disposto no dito decreto a Amtega ten entre as súas atribucións, entre outras, o impulso, asesoramento técnico e apoio á Presidencia e ao Consello da Xunta de Galicia, ás consellerías e a outras entidades do sector público autonómico en todo o referente ás tecnoloxías da información e as comunicacións, e a súa aplicación para a modernización, innovación e desenvolvemento tecnolóxico de Galicia ; o fomento da colaboración e da acción coordinada entre administracións públicas en materia de tecnoloxías da información e as comunicacións.

Corresponde tamén á Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia a definición, dirección e xestión das políticas corporativas de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais da Administración da Comunidade Autónoma ; o deseño e realización de accións encamiñadas a garantir o cumprimento da normativa vixente en materia de seguridade da información, ciberseguridade e protección de datos persoais no ámbito da Administración da Comunidade Autónoma ; así como a planificación e coordinación das actuacións destinadas a promover a ciberseguridade en todos os ámbitos da actividade económica e social da Comunidade Autónoma.

Quinto.- A Lei 14/2013, do 26 de decembro, de racionalización do sector público autonómico de Galicia, sinala que a contratación centralizada efectuarase a través do departamento que acorde o Consello da Xunta de Galicia por proposta da comisión interdepartamental regulada no seu artigo 20. Asemade, o artigo 20.5 da lei permite que as entidades locais, as universidades e os restantes entes, organismos e entidades do sector público poidan adherirse ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada mediante os oportunos convenios de colaboración. A relación de subministracións, obras, servizos e outras prestacións, que serán susceptibles de contratación centralizada fíxose pública a través da Resolución do 17 de novembro de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014 polo que se aproba o Catálogo de medios e prestacións susceptible de autoprovisión e se toma razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada (DOG Núm. 7 do 13 de xaneiro de 2015). En particular, o

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	105/136



Anexo II recolle os supostos nos que a AMTEGA pode actuar como departamento da contratación centralizada.

Sexto.- A Federación Galega de Municipios e Provincias (Fegamp) de acordo co establecido no artigo 2 dos seus estatutos ten entre os seus fins a representación e defensa das entidades locais, a promoción das competencias locais e calquera outro fin que afecte ou incida de xeito directo ou indirecto nos seus asociados. Con esta finalidade goza de plena capacidade para subscribir convenios e contraer compromisos e obrigas segundo o artigo 8 dos seus estatutos. A disposición transitoria terceira da Lei 5/1997, de Administración Local de Galicia, establece que a Federación Gallega de Municipios e Provincias, recoñecida polas entidades locais como a entidade asociativa máis representativa e maioritaria, terá as facultades derivadas da súa representatividade.

Sétimo.- Segundo o artigo 31 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, a provincia é unha entidade local... sendo fins propios e específicos da provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais...

Oitavo.- O artigo 25.1. ñ. da Lei 7/1985, do 2 de abril, enumera entre as competencias propias dos concellos a promoción no termo municipal da participación dos cidadáns do uso eficiente e sostible das tecnoloxías da información e comunicación.

Noveno.- Segundo o artigo 31 e seguintes da Lei 7/1985, do 2 de abril, de bases de réxime local, a provincia é unha entidade local determinada pola agrupación de municipios, con personalidade xurídica propia e plena capacidade para o cumprimento dos seus fins, sendo fins propios e específicos da provincia garantir os principios de solidariedade e equilibrio intermunicipais, no marco da política económica e social, en particular:


- a) Asegurar a prestación integral e adecuada na totalidade do territorio provincial dos servizos de competencia municipal
- b) Participar na coordinación da administración local coa Comunidade Autónoma e co Estado.

Entre as competencias propias das deputacións provinciais o artigo 36.1 da Lei 7/1985 inclúe a prestación dos servizos de administración electrónica e a contratación centralizada nos municipios con poboación inferior aos 20.000 habitantes.

Décimo.- Este novo marco de colaboración xurde nun contexto estratéxico que ten que dar resposta aos requirimentos establecidos polos plans de actuación e marcos normativos europeos, estatais e autonómicos deste ámbito, e de xeito especial á Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e á Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público.

Décimo primeiro.- No ámbito autonómico a Lei 4/2019, do 17 de xullo, de administración dixital de Galicia recolle no seu artigo 3, sobre os fins da dita lei, a cooperación interadministrativa e a reutilización dos servizos e dos compoñentes

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	106/136






técnicos como mecanismo esencial para asegurar a interoperabilidade. Esta cooperación prestará especial atención á Administración local galega, para o que se abordarán as necesarias medidas de fomento e apoio. Igualmente no artigo 128 sobre a cooperación e colaboración con outros organismos, establece o impulso das relacións de colaboración e cooperación necesarias coas restantes administracións públicas presentes no territorio galego coa finalidade de favorecer o achegamento dixital á cidadanía nas súas relacións coa administración. Segundo o dito artigo 128 a Administración xeral e as entidades públicas instrumentais do sector público autonómico de Galicia deberán impulsar a colaboración e a cooperación co resto das administracións públicas para a posta en marcha de servizos interadministrativos integrados e a compartición de infraestruturas, as técnicas e os servizos comúns que permitan a racionalización dos recursos das tecnoloxías da información e a comunicación a todos os niveis.

Décimo segundo.- A Estratexia Galicia Dixital 2030 (EGD2030) é a folia de ruta da Xunta de Galicia para potenciar o aproveitamento das tecnoloxías dixitais para a consecución dos obxectivos de desenvolvemento rexional, e por tanto, asegurará o aliñamento, a coordinación e a complementariedade das actuacións no ámbito dixital impulsadas dende as distintas Administracións no territorio.

Décimo terceiro.- A EGD2030 impulsa o desenvolvemento dun "Goberno e Administración Intelixente", que ten como obxectivo consolidar unha administración dixital máis eficaz e eficiente que ofrezca máis e mellores servizos, baseándose na xeración de valor mediante a xestión intelixente dos datos e baixo un enfoque centrado na cidadanía. Para o desenvolvemento e consolidación da Administración dixital e o enfoque centrado na cidadanía as administracións necesitan ter unha visión global, ao tempo que detallada, dos pasos que cómpre seguir para levala a cabo, co fin de que o nivel de servizo chegue por igual a toda a cidadanía. A Xunta de Galicia, a través da Amtega, coordina recursos e sistemas dixitais que poden contribuír ao desenvolvemento dixital.

Décimo cuarto.- No contexto da dixitalización das administracións públicas, os aspectos normativos, organizativos e técnicos da seguridade da información son dunha enorme complexidade e os riscos de ciberseguridade ao que están expostas as

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	107/136



Administracións Públicas tanto autonómicas como locais aumentan cada día. A Xunta de Galicia, a través da Amtega, ten interese en colaborar coas Administracións Públicas locais para afrontar este reto. Igualmente ten tamén interese en ofrecer ás Administracións Públicas locais servizos relativos ao cloud computing (computación na nube) en modalidades laas (infraestrutura como servizo), PaaS (plataforma como servizo), SaaS (software como servizo), ou unha combinación das mesmas: os servizos ofrecidos poderán estar dispoñibles en solucións de cloud privado (situadas nos centros de proceso de datos da Amtega), en solucións de cloud público ou ambas. Para a prestación destes servizos poderase requirir doutros servizos ou ferramentas complementarios referidos á ciberseguridade ou a implantación e soporte das solucións cloud.

Décimo quinto.- A Xunta de Galicia está a impulsar unha estratexia do dato como elemento fundamental no desenvolvemento dos servizos dixitais das administracións públicas, datos gobernados e compartidos, que permitan dispor dun mellor coñecemento do territorio, dos procesos e do funcionamento dos servizos, e todo iso para desenvolver novos servizos dixitais máis avanzados, e adaptados aos obxectivos das administracións e da súa relación coa cidadanía. Para acadar estes obxectivos será especialmente relevante a compartición de datos entre as administracións públicas situadas no territorio galego.

Décimo sexto. Ademais para a implantación dunha auténtica relación dixital das administracións públicas galegas na súa relación coa cidadanía é precisa a coordinación dos procedementos, plataformas e redes de comunicacións xestionadas polas administracións locais e autonómica, de xeito que se posibilite a interacción entre todos eles para simplificar o acceso a servizos e medios habilitantes de servizos dixitais. E neste modelo tamén é preciso posibilitar a interacción coa Administración Xeral do Estado e, en consecuencia, a Xunta de Galicia, asume tamén a coordinación coa Administración Xeral do Estado para o desenvolvemento e posta a disposición das administracións públicas galegas servizos e sistemas promovidos ou xestionados pola propia Administración Xeral do Estado. Así, nos últimos anos, formalizou diferentes convenios para o impulso da Administración electrónica, considerando a posibilidade de adhesión para as Entidades Locais.

En concreto o día 31 de outubro de 2013, o Ministerio de Hacienda y Administraciones Públicas e a Xunta de Galicia asinaron un convenio de colaboración para a prestación mutua de solucións básicas de Administración electrónica, entre as que destacan a conexión á rede SARA, a utilización de sistemas de firma electrónica avanzada e as comunicacións entre administracións públicas por medios electrónicos. Este convenio substitúese polo "Convenio entre el Ministerio para la Transformación Digital y de la Función Pública (Secretaría de Estado de Función Pública) y la Comunidad Autónoma de Galicia para la prestación mutua de soluciones básicas de Administración Digital", asinado o 18 de febreiro de 2025, para o que é necesario establecer unha nova adhesión por parte das Entidades Locais.

Como consecuencia de todo o exposto, en atención ao obxectivo último de alcanzar unha Administración pública galega coordinada, cohesionada, interrelacionada e interoperable, en definitiva, eficiente e útil de cara a toda a cidadanía, é de interese de

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	108/136





todas as partes asinantes aprobar un marco estable de colaboración en materia de Administración electrónica ; a fin de dar cumprimento ás prescricións legais en vigor e ás que poidan derivarse de normativas futuras do nivel autonómico ou estatal.

Así, as partes reunidas acordan subscribir o presente convenio para o apoio ao desenvolvemento da Administración electrónica nas Entidades Locais de Galicia, en base ás seguintes:

*Cláusulas.*

Primeira.- Obxecto do convenio.

O presente convenio ten por obxecto establecer o marco de colaboración entre a Xunta de Galicia e as entidades locais de Galicia para a compartición de plataformas, infraestruturas, recursos e servizos que contribúan ao desenvolvemento continuado dunha administración dixital, que permita unha maior aproximación á cidadanía e unha prestación máis eficiente dos servizos públicos.

Para levar a cabo esta colaboración, mediante este convenio a a Xunta de Galicia, a través da Amtega, e a Fegamp acordan:

a) A posta a disposición das entidades locais de Galicia de infraestruturas tecnolóxicas e servizos comúns que forman parte do Catálogo dos sistemas dixitais postos a dispor das administracións públicas, coa finalidade de racionalizar os esforzos no desenvolvemento de recursos neste ámbito. Esta actividade prestacional da Amtega realizarase nas condicións indicadas nas cláusula segunda deste convenio, e poderá levarse a cabo de xeito directo ou mediante contratacións ou encargos a medios propios.

b) A adhesión das entidades locais que así o desexen ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada, segundo Resolución do 17 de novembro de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se ordena a publicación do Acordo do Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014, polo que se aproba o Catálogo de medios e prestacións susceptible de autoprovisión e se toma razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada, nos supostos recollidos no Anexo II do dito acordo, nos que

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	109/136



a Amtega pode actuar como departamento de contratación centralizada e nos que as entidades locais estean incluídas no alcance da contratación.

Segunda.- Catálogo de servizos. Infraestruturas e servizos postos a disposición.

No Anexo I a este convenio recóllense os elementos do "Catálogo de servizos" que se poñen a disposición das entidades locais xunto coa súa modalidade de utilización, así como os elementos tecnolóxicos necesarios para o funcionamento dixital, coa identificación das súas características técnicas e funcionais e a determinación do seu ámbito de utilización.

O "Catálogo de servizos" recollido no Anexo I é o identificado no momento da sinatura do convenio. Mediante addenda a este convenio poderanse incluír novos elementos ou modificar as modalidades de uso.

O "Catálogo de servizos" estará dispoñible e permanentemente actualizado no portal [eidolocal.gal](http://eidolocal.gal), xunto con toda a información e documentación relativa ás condicións e requirimentos previos de uso e os posibles custos de cada unha das solucións tecnolóxicas incluídas nel.

Terceira.- Adhesión ao convenio.

As entidades locais de Galicia poderán solicitar a súa adhesión ao presente convenio mediante o modelo que figura como Anexo II, coa finalidade de garantir á cidadanía o acceso electrónico aos servizos públicos posibilitando a súa interacción con calquera Administración pública. A efectividade das adhesións quedará condicionada á obtención da conformidade por parte da Comisión de Seguimiento deste convenio.

Con relación ás solucións incluídas no "Catálogo de servizos", considerarase vixente a adhesión das entidades locais ao convenio precedente, a non ser que de xeito expreso manifesten o contrario.

Así mesmo, as entidades locais que se adhiran ao convenio poderán levar a cabo, coas condicións e esixencias que establece a lexislación sobre contratos do sector público, contratos derivados, baseados nos acordos marco celebrados por Amtega, que inclúan no seu alcance as entidades locais de Galicia.

Cuarta.- Utilización do "Catálogo de servizos".


Os servizos incluídos no catálogo estarán a disposición das entidades locais de Galicia adheridas a este convenio. No portal [eidolocal.gal](http://eidolocal.gal) publicaranse os procedementos para a solicitude e configuración de uso. A modificación dos servizos do catálogo levarase a cabo mediante addenda, segundo o indicado na cláusula segunda.

No catálogo indicaranse aqueles servizos que, polas súas características, requiren da sinatura dun acordo de uso específico no que se regulen as condicións concretas da súa prestación, así como os asinantes requiridos do mesmo. Nos acordos anteditos figurarán as obrigas e responsabilidades que asumen cada unha das partes asinantes.

Quinta.- Contratos baseados en acordos marco.

A adhesión ao presente convenio habilita tamén a adhesión ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada, segundo Resolución do 17 de novembro de 2014, da Secretaría Xeral Técnica da Consellería de Presidencia, Administracións Públicas e Xustiza, pola que se ordena a publicación do Acordo do

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	110/136





Consello da Xunta do 18 de setembro de 2014, polo que se aproba o Catálogo de medios e prestacións susceptible de autoprovisión e se toma razón das subministracións, obras, servizos e calquera outra prestación susceptible de contratación centralizada, nos supostos recollidos no Anexo II do dito acordo, nos que a Amtega pode actuar como departamento de contratación centralizada e nos que as entidades locais estean incluídas no alcance da contratación.

A adhesión ao sistema de contratación centralizada realízase por motivos de eficacia e eficiencia na xestión competencial dos organismos asinantes e sen prexuízo en todo caso da totalidade das competencias das entidades locais, de acordo coa normativa vixente

En virtude do disposto neste convenio, as entidades locais que se adhiran ao convenio de acordo co establecido na cláusula terceira poderán levar a cabo, coas condicións e esixencias que establece a lexislación sobre contratos do sector público, contratos derivados, baseados nos acordo marco celebrados por Amtega, que inclúan no seu alcance as entidades locais de Galicia.

#### Sexta.- Obrigas comúns.

Para impulsar a Administración electrónica na Comunidade Autónoma de Galicia de acordo co establecido na anterior cláusula e no marco da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas e da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público e de lexislación autonómica na materia, as partes asinantes comprométense formalmente a:


Fomentar a implantación e o desenvolvemento dun marco galego de interoperabilidade sobre a base do principio de neutralidade tecnolóxica e do impulso da aplicación de estándares abertos.

Promover a utilización, a cesión, a transferencia e a compartición de plataformas dixitais, así como, en xeral, de sistemas, de aplicacións ou de software de titularidade pública sempre que sexa posible conforme á natureza e contido das plataformas e dos cesionarios destas.

Asumir a dirección, organización e xestión dos traballos que corresponden en atención ao seu ámbito competencial.

#### Sétima.- Compromisos da Xunta de Galicia.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	111/136



Coa finalidade de acadar os obxectivos do convenio previstos na cláusula primeira, a Xunta de Galicia, a través da Amtega, porá a disposición das entidades locais adheridas ao presente convenio as solucións incluídas no "Catálogo de servizos". Con carácter xeral, a Xunta de Galicia comprométese a:

Posta a disposición das entidades locais de Galicia dos sistemas, solucións tecnolóxicas e infraestruturas previstas no "Catálogo de servizos", conforme ás especificacións e condicións de uso descritas na documentación específica de cada unha delas.

Garantir a continuidade na prestación das solucións tecnolóxicas de administración electrónica incluídas no presente convenio, asegurando a escalabilidade, robustez, dispoñibilidade, integridade e confidencialidade e seguridade da información.

Proporcionar ás entidades locais de Galicia a documentación técnica necesaria para a posta en marcha e administración das solucións tecnolóxicas que se prestan no marco deste convenio recollendo, cando sexa necesario, a información legal, administrativa e técnica precisa para a utilización das mesmas por parte das entidades locais, así como calquera outra información que deba ser coñecida por estas para a prestación dos correspondentes servizos.

Manter actualizado o "Catálogo de servizos" que será publicado no Portal das Entidades Locais de Galicia, [eidolocal.gal](http://eidolocal.gal), segundo se describe neste convenio. A modificación dos servizos do catálogo poderá realizarse mediante adenda.

Asesorar ás entidades locais de Galicia no acceso e uso das solucións tecnolóxicas incluídas neste convenio e levar a cabo as actuacións de formación necesarias para garantir o seu correcto uso por parte das Entidades Locais de Galicia.

Potenciar o portal de internet "Eidolocal" ([www.eidolocal.gal](http://www.eidolocal.gal)) impulsando a súa capacidade como canle de comunicación permanente coas entidades locais de Galicia.

En relación coa adhesión ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada, cuxa competencia corresponde á Amtega, esta comprométese a:

Garantir, con carácter xeral, a dispoñibilidade dos servizos incluídos no ámbito de aplicación deste convenio, mentres este manteña a súa vixencia e baixo as condicións establecidas nos correspondentes acordos marco que lle dean soporte.

De ser o caso, incorporar ás entidades locais dentro das entidades adheridas aos acordos marco correspondentes. Neste senso, e de resultar preciso, tramitará a modificación do alcance dos ditos acordos marco, para deixar constancia da inclusión das entidades locais no seu obxecto, dándolle audiencia ao contratista, de conformidade co previsto nos seus pregos de cláusulas administrativas particulares.

#### Oitava.- Compromisos da FEGAMP

A Federación Galega de Municipios e Provincias asume no marco deste convenio as seguintes obrigas:

Colaborar coa Xunta de Galicia no análise de situación da evolución da administración dixital e a identificación de oportunidades de colaboración neste ámbito.

Trasladar ás entidades locais de Galicia este convenio e promover a súa adhesión ao mesmo.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	112/136





Difundir entre as entidades locais de Galicia as características desta actuación, o texto do convenio e o marco de colaboración que del se derive, así como o procedemento e tramitación precisa para a súa adhesión.

Levar a cabo a intermediación entre as partes cando se lle solicite e estea dentro dos seus fins.

Representar, no seo da Comisión de Seguimento prevista na cláusula décimo segunda, os intereses das entidades locais que se poidan adherir ao convenio.

Novena.- Compromisos das entidades locais adheridas.

Sen prexuízo das restantes obrigas que figuren nos correspondentes Acordos de adhesión, con carácter xeral, as entidades locais de Galicia que asinen a súa adhesión ao presente convenio, comprométense a:

Facer un uso axeitado das solucións tecnolóxicas e dos servizos electrónicos aos que accedan ou que presente segundo as normas sectoriais reguladoras de cada un destes. Cumprir coas especificacións técnicas e condicións de uso das solucións incluídas no presente convenio, segundo se describen na documentación específica de cada unha delas.

Levar a cabo as actuacións necesarias dentro da súa entidade, no exercicio das súas competencias, para a posta en marcha das solucións do presente convenio que desexen utilizar.


Impulsar, promover e difundir entre os seus administrados e o seu persoal a Administración electrónica e os servizos e solucións a utilizar. Doutra banda e en relación ca adhesión ao sistema autonómico de prestacións homologadas de contratación centralizada, a entidade local adherida comprométese a:

Respectar as condicións de contratación establecidas nos acordos marco nos que se concrete esa contratación centralizada, así como a facer un uso axeitado dos servizos obxecto dos contratos derivados que poida asinar coas entidades adxudicatarias dos acordos marco tramitados pola Amtega.

Comunicarlle á Amtega os contratos que de ser o caso promova baseados nos acordos marco nos que se concrete esa contratación centralizada, así como trasladarlle calquera incidencia que xurda en relación coa súa execución.

Cumprir coas obrigas derivadas dos contratos baseados que promova de acordo cos termos establecidos no acordo marco específico ao que se adhira, nos propios contratos baseados e na normativa que, de calquera índole, lle sexa aplicable.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	113/136



Asumir todos os gastos e obrigas económicas que se deriven da formalización dos contratos derivados baseados nos acordos marco nos que se concrete esa contratación centralizada, quedando exonerada a Amtega de ningún gasto como consecuencia dos contratos baseados que subscriba a entidade local.

Colaborar coa Amtega en caso de que se formulase un recurso ou reclamación derivados dos contratos baseados por ela promovidos, así como facilitar a documentación e información que con este motivo resultase procedente.

**Décima.- Colaboración das Deputacións Provinciais**

As Deputacións Provinciais poderán colaborar ou subrogarse nas obrigas correspondentes aos concellos de menos de 20.000 do seu ámbito territorial derivadas deste convenio e dos acordos de uso que regulen as condicións específicas da prestación de servizos incluídos no mesmo. Esta colaboración deberá formalizarse expresamente mediante acordo entre as deputacións e os concellos respectivos, debendo dar conta do mesmo á Xunta de Galicia.

**Décimo primeira.- Soporte, formación e difusión.**

A Amtega realizará as actividades de soporte ás entidades locais adheridas das solucións tecnolóxicas incluídas neste convenio, así como as tarefas de asesoramento e apoio para o desenvolvemento da Administración electrónica. Do mesmo xeito, colaborará coas ditas entidades locais na difusión cara ás propias entidades, á cidadanía ou a outros ámbitos implicados dos servizos incluídos neste convenio. A formación do persoal das entidades asinantes do presente convenio poderá realizarse en colaboración coa Escola Galega de Administración Pública ou de xeito descentralizado.

**Décimo segunda.- Comisión de Seguimento.** Para velar polo cumprimento do estipulado, constituirase unha comisión de seguimento da execución do convenio que actuará como órgano de vixilancia, seguimento e control do establecido nel, promovendo, se o considera adecuado, outras actuacións que poidan enriquecer o seu desenvolvemento. A Comisión de Seguimento estará integrada por:

A persoa titular da Dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia, ou persoa en quen delegue.

A persoa titular da Dirección Xeral de Administración Local da Consellería de Presidencia, Xustiza e Deportes, ou persoa en quen delegue.

Un funcionario/a da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

Tres representantes da Federación Galega de Municipios e Provincias.

A Presidencia da Comisión de Seguimento corresponderá alternativamente e por períodos dun ano ás persoas titulares da Dirección da Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia e da Dirección Xeral de Administración Local, respectivamente.

A Secretaría da Comisión de Seguimento será desempeñada por un funcionario/a designado/a pola Axencia para a Modernización Tecnolóxica de Galicia.

A Comisión de Seguimento reunirse a proposta de calquera dos seus membros.

O seguimento da execución do presente convenio comprenderá:

A conformidade da adhesión das entidades locais a este convenio.

A observación da implantación e efectiva aplicación deste.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	114/136





A solución de controversias suscitadas na interpretación deste convenio.

A coordinación e colaboración na implantación das distintas iniciativas recollidas neste convenio.

A aprobación das propostas de modificación do "Catálogo de servizos" que deberán incluírse na addenda que se tramite ao efecto.

A aprobación das normas e protocolos de desenvolvemento deste convenio.

Será de aplicación á Comisión de Seguimento o réxime establecido para os órganos colexiados na Lei 16/2010, do 17 de decembro, de organización e funcionamento da Administración xeral e do sector público autonómico de Galicia. O funcionamento da Comisión de Seguimento fomentará o uso de medios dixitais nas actuacións de coordinación e seguimento, podendo realizarse as súas sesións de xeito dixital, con reunións e sinatura de acordos síncronos ou asíncronos.

Décimo terceira.- Duración do convenio.

O presente convenio estenderá a súa vixencia desde a data da súa sinatura ata o 31 de decembro de 2028, sen prexuízo da súa prórroga por un período máximo de catro anos mediante acordo unánime entre as partes asinantes, manifestado con anterioridade á finalización do correspondente período de vixencia.

Sen prexuízo do establecido no parágrafo anterior, a adhesión da entidade local a acordos marco concretos, dentro do sistema de contratación centralizada, extinguirase cando estes finalicen a súa vixencia, sen que iso lles afecte aos contratos baseados, que continuarán vixentes ata a súa extinción.

Décimo cuarta.- Modificación, denuncia e causas de resolución.

Este convenio poderá ser modificado por acordo das partes, a través da formalización da correspondente Addenda.

O presente convenio extinguirase polo cumprimento das actuacións que constitúen o seu obxecto ou por incurrir en causa de resolución.


Sen prexuízo do establecido na normativa vixente, serán causas de resolución do presente convenio as seguintes:

Acordo unánime do tódolos asinantes.

Incumplimento total ou parcial dalgunha das estipulacións que o regulan.

Transcurso do tempo estipulado sen que se culminen as actividades acordadas.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	115/136



Calquera outra causa de resolución previstas no convenio e na lexislación vixente de aplicación.

**Décimo quinta.- Financiamento.**

A Administración da Comunidade Autónoma de Galicia e as entidades locais de Galicia que se adhiran ao convenio contribuirán á extensión da administración dixital mediante o financiamento, con cargo aos seus propios orzamentos, respectivamente, da realización das accións que se deriven do cumprimento do presente convenio, nos termos da cláusula décimo sexta deste convenio.

A adhesión ao presente convenio non comporta obrigas económicas adicionais para ningunha das partes asinantes.

**Décimo sexta.- Condicións económicas específicas das solucións incluídas no "Catálogo de servizos".**

Dentro das condicións específicas de cada unha das solucións incluídas no "Catálogo de servizos" determinarase a contribución económica de cada unha das distintas administracións para garantir a súa mellor prestación á cidadanía. Neste senso, as solucións tecnolóxicas incluídas no "Catálogo de servizos" poderán ser:

a) **Gratuítas:** solucións tecnolóxicas que poderán ser utilizadas polas Entidades Locais de Galicia para a extensión da administración electrónica e cuxo custo será asumido pola Xunta de Galicia.

b) **Cota fixa:** solucións tecnolóxicas destinadas á extensión da administración electrónica e cuxo custo será asumido pola Xunta de Galicia e a entidade local de que se trate, na proporción que se determine no correspondente instrumento de adhesión.


c) **Por uso:** solucións tecnolóxicas destinadas á extensión da administración electrónica cuxo custo será asumido pola Xunta de Galicia, correspondendo á entidade local de que se trate o financiamento correspondente ao incremento dos custos de mantemento derivados do uso que se faga do mesmo no seu ámbito territorial, e que se determinará no correspondente instrumento de adhesión.

Coa finalidade de facer efectiva a contribución da entidade local prevista nas letras b) e c), no posterior acordo concreto de prestación do servizo acordaranse os termos específicos.

**Décimo sétima.- Protección de datos.**

As partes asinantes virán obrigadas en materia de protección de datos a cumprir co Regulamento (UE) 2016/679 do Parlamento Europeo e do Consello de 27 de abril de 2016, relativo á protección das persoas físicas no que respecta ao tratamento de datos persoais e a libre circulación destes datos e polo que se derroga a Directiva 95/46/CE (Regulamento xeral de protección de datos), a Lei Orgánica 3/2018, do 5 de decembro, de Protección de Datos Persoais e garantía dos dereitos dixitais (en diante, LOPDGDD) e demais disposicións vixentes sobre a materia, adoptando as medidas que resulten necesarias para cumprir as súas previsións e, en particular, para garantir a seguridade e integridade dos datos e a súa protección fronte a alteracións, perdas, tratamentos ou accesos non autorizados.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	116/136





Décimo oitava.- Inexistencia de relación laboral.

A subscrición do presente convenio non implicará relación laboral, contractual ou de calquera outro tipo entre os profesionais que realicen as actividades obxecto deste convenio e Xunta de Galicia ou a Amtega.

Décimo novena.-Publicidade.

Este convenio será obxecto de inscrición en cumprimento do establecido no artigo 15 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno e no Decreto 126/2006, do 20 de xullo, polo que se regula o Rexistro de Convenios da Xunta de Galicia.

As partes asinantes autorizan/consenten na publicidade dos seus datos persoais e demais especificacións recollidas no presente instrumento de colaboración no Portal de Transparencia e Goberno Aberto.

Segundo o artigo 17 da Lei 1/2016, do 18 de xaneiro, de transparencia e bo goberno . ademais da información que debe facerse pública segundo a normativa básica en materia de transparencia, a Administración autonómica publicará o texto íntegro do convenio.

Vixésima.- Natureza do convenio, resolución de conflitos e xurisdición.

O presente convenio ten natureza administrativa e os seus efectos rexeranse polo establecido nas súas estipulacións.

En especial, o convenio queda suxeito ao capítulo VI, da Lei 40/2015, do 1 de outubro, de Réxime Xurídico do Sector Público, á Lei 7/1985, do 2 de abril, Reguladora das Bases do Réxime Local, fundamentalmente ao seu artigo 57, así como ao Real decreto lexislativo 781/1986, do 18 de abril, polo que se aproba o texto refundido das disposicións legais vixentes en materia de Réxime Local (artigos 61 a 71), e ao resto da normativa que resulte aplicable.

As controversias que puidesen expoñerse sobre a interpretación e execución do presente convenio deberán resolverse de mutuo acordo entre as partes, no seo da Comisión de Seguimento do presente convenio.

As cuestións litixiosas que poidan xurdir na aplicación deste convenio quedarán sometidas á xurisdición contencioso-administrativa, de conformidade coa Lei 29/1998, do 13 de xullo, reguladora da devandita xurisdición.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	117/136



2º.- Aprobar a adhesión da Deputación de Lugo ao Convenio de colaboración entre a Xunta de Galicia e a Federación Galega de Municipios e Provincias (FEGAMP) para o desenvolvemento dunha administración dixital nos termos indicados no anexo.

3º.- Remitir, dende o Servizo de Comunicación e TICs, a información solicitada por correo electrónico a cau-periferico@xunta.gal para que se poña, na sala de sinaturas da Xunta de Galicia, o modelo de adhesión á firma da Presidenta da Deputación de Lugo”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

**7.- PROPOSTA RELATIVA Á APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES E CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA O DESENVOLVEMENTO DE ACTIVIDADES DE POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2026.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:


“Á vista da incoación do inicio da tramitación do expediente relativo ás bases e convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en diante, Os Ancares Lucenses) para o desenvolvemento de actividades de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2026.

Tendo en conta:

1. A Deputación de Lugo é a entidade responsable da xestión das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá, declaradas nos anos 2002 e 2006, respectivamente, pola UNESCO ao abeiro do Programa Persoa e Biosfera (Programa MaB).

2. En ambas Reservas da Biosfera resulta imprescindible que a implementación dos seus Plans de Xestión forme parte dun proceso integrador no que se teñan en conta os diferentes axentes implicados no desenvolvemento e posta en marcha de cada acción. Polo tanto, debe contemplarse a integración dos organismos competentes, fomentando a colaboración e participación de entidades locais, asociacións, representantes dos distintos sectores produtivos implicados, organizacións conservacionistas sen ánimo de lucro, institucións dedicadas a educación e/ou investigación científica, así como todos aqueles axentes que poidan verse implicados

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	118/136





no desenvolvemento e posta en marcha das accións formuladas no presente Plan, especialmente, aos integrantes dos Órganos de Participación de ámbalas Reservas da Biosfera.

3. Esta convocatoria de subvencións está destinada ao desenvolvemento de actividades de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade de 2026, e cuxos fins contribúan ao cumprimento dalgunha das Liñas dos Plans de Xestión das referidas Reservas da Biosfera.

4. A convocatoria inclúe dúas liñas diferenciadas:

A liña 10.2 destinada á execución de actividades en municipios da da Reserva da Biosfera Terras do Miño por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 26 municipios: Abadín, Alfoz, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Láncara, Lugo, Meira, Mondoñedo, Muras, Ourel, Outeiro de Rei, O Páramo, A Pastoriza, Pol, Rábade, Riotorto, O Valadouro, Vilalba e Xermade. Esta liña ten unha dotación de 120.000,00 €.

A liña 10.3 destinada á execución de actividades en municipios da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 3 municipios: Becerreá, Cervantes e Navia de Suarna. Esta liña ten unha dotación de 70.000,00 €.

5. Os gastos subvencionables neste programa (que non poderán ser obxecto de axuda con cargo a outra convocatoria/subvención da Deputación de Lugo), son aqueles considerados como gastos correntes que contribúan ao cumprimento dalgunha das Liñas dos Plans de Xestión das Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses.

6. En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as entidades ou asociacións sen ánimo de lucro legalmente constituídas, inscritas no rexistro publico correspondente na data de publicación desta convocatoria, con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído nas

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	119/136



Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses), e cuxo obxecto social estea relacionado con algunha das liñas dos Plans de Xestión das referidas Reservas.

Tendo en conta os informes favorables do Servizo de Medio Ambiente, do Servizo de Contratación e Fomento e da Intervención provincial.

Polo exposto, tendo en conta os expresados informes, proponse á Xunta de Goberno:

**1º.-** Autorizar o devandito gasto por importe de cento noventa mil euros (190.000,00 €) con cargo ás aplicacións 1724/48900 (120.000,00 €) e 1725/48900 (70.000,00 €) do orzamento do ano 2026.

**2º.-** Aprobar as bases e os anexos (relativos aos modelos de presentación de solicitudes e de xustificación de subvencións), así como a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de actividades de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2026.

**3º.-** Realizar a convocatoria pública, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión das referidas subvencións”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.


**8.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DAS BASES E CONVOCATORIA, EN RÉXIME DE CONCORRENCIA COMPETITIVA, PARA A CONCESIÓN DE SUBVENCIÓNS DESTINADAS A ENTIDADES ASOCIATIVAS SEN ÁNIMO DE LUCRO DAS RESERVAS DA BIOSFERA TERRAS DO MIÑO E OS ANCARES LUCENSES PARA PROXECTOS DE INVESTIMENTOS QUE PROMOVAN A POSTA EN VALOR DO PATRIMONIO NATURAL, CULTURAL E PAISAXÍSTICO DESTES TERRITORIOS NA ANUALIDADE 2026.**

Logo de ver a proposta do señor deputado delegado da Área de Medio Ambiente, do seguinte teor:

“Á vista da incoación do inicio da tramitación do expediente relativo ás bases e convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses) para proxectos de investimentos que promovan a posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2026.

Tendo en conta:

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	120/136





1. A Deputación de Lugo é a entidade responsable da xestión das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá, declaradas nos anos 2002 e 2006, respectivamente, pola UNESCO ao abeiro do Programa Persoa e Biosfera (Programa MaB).

2. En ambas Reservas da Biosfera resulta imprescindible que a implementación dos seus Plans de Xestión forme parte dun proceso integrador no que se teñan en conta os diferentes axentes implicados no desenvolvemento e posta en marcha de cada acción. Polo tanto, debe contemplarse a integración dos organismos competentes, fomentando a colaboración e participación de entidades locais, asociacións, representantes dos distintos sectores produtivos implicados, organizacións conservacionistas sen ánimo de lucro, institucións dedicadas a educación e/ou investigación científica, así como todos aqueles axentes que poidan verse implicados no desenvolvemento e posta en marcha das accións formuladas no presente Plan, especialmente, aos integrantes dos Órganos de Participación de ámbalas Reservas da Biosfera.


3. Esta convocatoria de subvencións está destinada a promover proxectos de investimentos de posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade de 2026, e cuxos fins contribúan ao cumprimento dalgunha das Liñas dos Plans de Xestión das referidas Reservas da Biosfera.

4. A convocatoria inclúe dúas liñas diferenciadas:

A liña 10.2 destinada á execución de investimentos en municipios da Reserva da Biosfera Terras do Miño por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 26 municipios: Abadín, Alfoz, Baralla, Begonte, Castro de Rei, Castroverde, O Corgo, Cospeito, Friol, Guitiriz, Guntín, Lán cara, Lugo, Meira, Mondoñedo, Muras, O urol, Outeiro de Rei, O Páramo, A Pastoriza, Pol, Rábade, Riotorto, O Valadouro, Vilalba e Xermade. Esta liña ten unha dotación de 100.000,00 €.

A liña 10.3 destinada á execución de investimentos en municipios da Reserva da Biosfera Os Ancares Lucenses por parte de entidades asociativas sen ánimo de lucro

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	121/136



con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído neste territorio, do que forman parte os seguintes 3 municipios: Becerreá, Cervantes e Navia de Suarna. Esta liña ten unha dotación de 50.000,00 €.

5. Os gastos subvencionables neste programa (que non poderán ser obxecto de axuda con cargo a outra convocatoria/subvención da Deputación de Lugo), son aqueles considerados como investimentos que contribúan ao cumprimento dalgunha das Liñas dos Plans de Xestión das Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses.

6. En xeral, poderán solicitar subvencións ao amparo desta convocatoria as entidades ou asociacións sen ánimo de lucro legalmente constituídas, inscritas no rexistro público correspondente na data de publicación desta convocatoria, con sede/delegación social ou cuxo ámbito territorial de actuación estea incluído nas Reservas da Biosfera Terras do Miño ou Os Ancares Lucenses e Montes de Cervantes, Navia e Becerreá (en adiante, Os Ancares Lucenses), e cuxo obxecto social estea relacionado con algunha das liñas dos Plans de Xestión das referidas Reservas.

Tendo en conta os informes favorables do Servizo de Medio Ambiente, do Servizo de Contratación e Fomento e da Intervención provincial.

Polo exposto, tendo en conta os expresados informes, propónse á Xunta de Goberno:

**1º.-** Autorizar o devandito gasto por importe de cento cincuenta mil euros (150.000,00 €) con cargo ás aplicacións 1724/789 (100.000,00 €) e 1725/789 (50.000,00 €) do orzamento do ano 2026.

**2º.-** Aprobar as bases e os anexos (relativos aos modelos de presentación de solicitudes e de xustificación de subvencións), así como a convocatoria, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión de subvencións destinadas a entidades asociativas sen ánimo de lucro das Reservas da Biosfera Terras do Miño e Os Ancares Lucenses para o desenvolvemento de proxectos de investimentos para a posta en valor do patrimonio natural, cultural e paisaxístico destes territorios na anualidade 2026.


**3º.-** Realizar a convocatoria pública, en réxime de concorrencia competitiva, para a concesión das referidas subvencións”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **9.- PROPOSTA DE APROBACIÓN, SE PROCEDE, DA RENUNCIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2025.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	122/136





“En relación cos expedientes de conta xustificativa dos beneficiarios de subvencións concedidas por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, a proposta da Mesa Técnica, na sesión do día 18 de xullo de 2025, pola que se resolveu o concurso convocado, mediante o anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia núm. 055, do sábado 08 de marzo de 2025, para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025.

Á vista de que os beneficiarios relacionados a continuación, presentaron na Excma. Deputación Provincial de Lugo, a renuncia á respectiva subvención concedida no referido concurso de concorrencia competitiva.

Tendo en conta que consta no respectivo expediente a respectiva solicitude de renuncia:

Nº REX	NOME ENTIDADE	C.I.F.	NOME ACTIVIDADE	Subvención
2025/PES_03/004854	VIVEIRO SURFING FAMILY	G27480276	SURF	3.000,00 €

Tendo en conta o previsto na Lei 39/2015, de 1 de outubro, de procedemento administrativo común das administracións publicas.

Polo exposto, o deputado que subscribe, propón que pola Xunta de Goberno se adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Aceptar de plano a renuncia formulada pola entidade Beneficiaria Viveiro Surfing Family relativa á subvención concedida por acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, destinada a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	123/136



**10.- PROPOSTA DE INICIO DO PROCEDEMENTO DE DECLARACIÓN DE PERDA DE DEREITO E APERTURA DE TRÁMITE DE AUDIENCIA DE SUBVENCÍONS DESTINADAS A ENTIDADES E CLUBS DEPORTIVOS DA PROVINCIA DE LUGO EN CONCORRENCIA COMPETITIVA, ANO 2025.**

Logo de ver a proposta da Vicepresidencia, do seguinte teor:

“Vista a documentación obrante no expediente.

Visto o informe emitido polo Servizo de Deportes, do seguinte teor:

En relación á subvención concedida por importe de mil vinte euros (1.020,00 €), ao Club Golf el Pilar Sarria con CIF: G27411719 para GOLF; mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excm. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo que se resolve o concurso de subvencións destinadas a actividades deportivas realizadas por entidades deportivas, ano 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025, emite o seguinte, informe:

Primeiro. Que o Club Golf el Pilar Sarria presentou na sede electrónica da Deputación Provincial con data 20/02/26 00:32 e numero de expediente 2026/PES\_03/003442 a conta xustificativa da subvención do procedemento de concorrencia competitiva, anualidade 2025, concedida para GOLF, por acordo da Xunta de Goberno de data 18 de xullo de 2025.

Segundo. Que de acordo co sinalado no punto 11º das Bases reguladoras do concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2025, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno da Excm. Deputación Provincial de Lugo do día 28 de febreiro de 2025, entre a documentación esixida nas xustificacións de aboamento das subvencións atópanse:

Anexo I: Instancia de conta xustificativa.

Anexo II: Memoria detallada actuación xustificativa (conta xustificativa) sobre a realización da actividade e do cumprimento das condicións que orixinaron a concesión da subvención, con indicación da duración da actividade, incidencia social, competición/s na/s que se participou, categorías deportivas, datos deportivos da actividade, resultados obtidos, etc...

Cadro de importes de financiamento.

Declaración do custo total da actividade subvencionada.


Cadro de orzamento inicial e custo total e declaración relativa á desviación producida.

Anexo III: Declaración responsable relativa a:

Relación detallada das subvencións/ axudas ou patrocinios (con ou sen achega económica) obtidos doutras administracións públicas ou entidades privadas para o mesmo obxecto ou actividade ou, se é o caso, declaración de non ter outras subvencións públicas ou privadas para o mesmo obxecto ou actividade.

I. Que a actividade obxecto da subvención ou axuda económica, foi realizada na súa totalidade co cumprimento das condicións que motivaron a súa concesión.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	124/136





II. Que a entidade beneficiaria non é debedora por resolución de procedencia de reintegro, é dicir, que non ten pendente de ingreso no Tesouro Público ningunha reclamación de débeda derivada dunha resolución de reintegro de axuda pública.

III. Que a entidade beneficiaria se atopa ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias e coa Seguridade Social, impostas polas disposicións vixentes.

IV. Autorización ou non do representante legal da entidade para que a Deputación poida solicitar - fronte aos organismos correspondentes - os certificados de acharse ao corrente no cumprimento das súas obrigas tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica, Servizo de Recadación Provincial e a Seguridade Social).

V. Que o beneficiario ao que represento:

asumió o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por non ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

non asumí o custo do “Imposto sobre o valor engadido (IVE)” dos gastos derivados da execución da actuación subvencionada, por ter a posibilidade de compensalo ou recuperalo.

VI. Que a execución da devandita actuación foi subvencionada pola Deputación Provincial de Lugo e que, este extremo, se inseriu na publicidade de todas as actuacións e nos soportes que se utilizaron na execución da actividade subvencionada.

VII. Que incluíu a imaxe corporativa da área de deportes da Excm. Deputación Provincial e empregou o idioma galego en calquera comunicación ou publicación e en todos aqueles soportes que a entidade utilizou para publicitar a actividade ou adquirir o comportamento subvencionado.

VIII. Que no desenvolvemento da actividade non incluíu contidos ou publicidade que tácita ou implicitamente se puidesen considerar sexistas, discriminatorios, vexatorios ou que xustificasen, banalizasen ou incitasen á desigualdade de xéneros ou á violencia de xénero.

IX. Que os gastos subvencionables nos que incorreu nas súas operacións comerciais foron aboados nos prazos de pago previstos na normativa sectorial que lle sexa de aplicación ou, no seu defecto, nos establecidos na Lei 3/2004, de 29 de decembro, pola que se establecen medidas de loita contra a morosidade nas operacións comerciais.

X. Que se deu cumprimento ao establecido no artigo 31.3 da LXS.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	125/136



Anexo IV:

Declaración responsable de relación clasificada de gastos e imputación de gastos da actuación subvencionada (custo total da actividade), con identificación do acredor e documento, importe, data de emisión, data de pagamento, descrición do gasto, así como as contías dos gastos imputados á subvención concedida.

No caso de relacionarse nóminas, deberán vir desglosadas, indicando salario líquido, Seguridade Social e IRPF.

Outra documentación.

Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (xustificantes de gasto), incorporadas na relación clasificada de gastos e que se afecten á Deputación. Ao respecto:

Deberán achegarse todos os xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida.

Do resto xustificantes de gasto, deberá achegarse unha mostra que supoña a seguinte porcentaxe en función do número dos mesmos:

Cando o número de xustificantes de gasto sexa menor ou igual a 10, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 10 % do importe da subvención concedida.

Cando o número de xustificantes de gasto sexa entre 11 e 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 5 % do importe da subvención concedida.

Cando o número de xustificantes de gasto sexa superior a 30, deberá aportarse unha mostra dos mesmos que supoña o 2 % do importe da subvención concedida.


No suposto de que o importe total dos xustificantes de gasto que superen individualmente o 25% do importe da subvención concedida acade o importe total subvencionado non será necesario aportar ningunha mostra das sinaladas.

No relativo aos gastos de combustible, as facturas de gasto deberán reflectir expresamente a matrícula do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	126/136





Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data \_\_\_\_\_”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).

A documentación obtida por banca electrónica (descargas de banca en liña) debe estar debidamente acreditada pola entidade bancaria correspondente nos casos en que o órgano xestor así o requira.

Achegar as ofertas (solicitadas en base ao establecido no artigo 31.3 da LXS) que engloben as facturas que se afectan á Deputación (mostraxe), salvo que polas súas especiais características non exista no mercado suficiente número de entidades coas que contratar ou salvo que o gasto se realizase con anterioridade á subvención.

A elección entre as ofertas presentadas se realizará conforme a criterios de eficiencia e economía, debendo xustificarse expresamente nunha memoria a elección cando non recaia na proposta económica mais vantaxosa. (Cando o importe do gasto subvencionable supere as contías establecidas na Lei 9/2017, do 8 de novembro, de contratos do sector público para o contrato menor (15.000,00 € -sen IVE- en servizos e subministracións).

Certificados de estaren ao corrente no cumprimento das súas obrigacións tributarias (Axencia Tributaria Estatal, Facenda autonómica e Servizo de Recadación Provincial) ou fronte á Seguridade Social. (De non constar autorización á Deputación para solicitalos e para importes superiores a 3.000,00 euros).

O centro xestor deberá achegar xunto coa documentación xustificativa remitida pola entidade beneficiaria, os certificados acreditativos de estar ao corrente das súas obrigas tributarias e fronte á Seguridade Social, expedidos pola Axencia Estatal da Administración Tributaria, Axencia Tributaria de Galicia, Deputación Provincial de Lugo e Seguridade Social (cando conste autorización á deputación para solicitalos e para importes de subvencións superiores a 3.000,00 euros). Non obstante, se é o caso, terase en conta o artigo 24.4 do R.D. 887/2006, de 21 de xullo polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, de 17 de novembro, Xeral de Subvencións, segundo o

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	127/136



cal poderán acollerse á simplificación da acreditación do cumprimento das obrigas tributarias e coa Seguridade Social aquelas subvencións nas que a súa contía a outorgar a cada beneficiario non supere na convocatoria o importe de 3.000 euros.

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

No seu caso, acreditación da titularidade do vehículo propiedade do club ou entidade deportiva.

No seu caso, declaración responsable de que os gastos de combustible de vehículo de titularidade acreditada da entidade solicitante, foron utilizados expresamente para o transporte dos elementos ou aparellos imprescindíbeis para a práctica da correspondente disciplina deportiva.

Terceiro. Que revisada a documentación xustificativa, con data 20/02/2026 13:37 e número de rexistro de saída 2026RPS002448, e de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, formulouse requirimento de emenda de conta xustificativa, para que a entidade beneficiaria no prazo de 10 días, a contar dende o día seguinte a recepción do referido requirimento, emendase e/ou presentase a seguinte documentación:

A documentación da conta xustificativa dee constar a nome do representante legal da entidade e asinada polo mesmo

Á vista do previsto no artigo 31 da Lei Xeral 38/2003 Xeral de Subvencións e do artigo 68 do Regulamento da Lei Xeral de Subvencións, as facturas e xustificantes do gasto deberán estar a nome da entidade beneficiaria Club Golf el Pilar Sarria. As anexadas no expediente están emitidas a nome de persoa física.

Anexo IV Relación clasificada e imputación de gastos.

Deberá relacionar facturas a nome da entidade beneficiaria

Logo de emendar a relación de gastos deberá emendar o custo total, o anexo I, e o anexo II, puntos II e III.

Nas columnas de imputación (porcentaxe e importe) soamente deberá indicar facturas polo importe da subvención concedida.

Anexo I Instancia.

Logo de modificar a relación de gastos deberá emendar o custo total.

Anexo II Memoria xustificativa.

Nivel de logros: debe indicar os resultados deportivos.

Cadro de financiamento:

Logo de emendar a relación de gastos deberá modificar os puntos II e III

Punto III:

O orzamento indicado é incorrecto (6.800,00 €).


Debe indicar a causa da desviación tendo en conta os conceptos e importes indicados no orzamento presentado na solicitude de subvención (anexo 3)

Anexo III Declaración responsable.

Na publicidade achegada aparecen diversos logotipos, deberán aparecer de forma individualizada no anexo III no apartado de achegas económicas ou non económicas, segundo corresponda (Gadis)

Documento emitido pola entidade bancaria, no que se indique o numero de conta na que se procederá, no seu caso, ao abono da correspondente subvención.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	128/136





Facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa (xustificantes de gasto), incorporadas na relación clasificada de gastos e que se afecten á Deputación (a nome da entidade beneficiaria)

Acreditación do pago das facturas ou documentos anteriores: o pago das facturas ou documentos de valor probatorio equivalente no tráfico xurídico mercantil ou con eficacia administrativa, deberá realizarse antes da finalización do prazo de xustificación da presente subvención, tendo en conta que segundo o establecido no artigo 18 de la Ley 11/2021, de 9 de xullo, pola que se establecen normas contra as prácticas de elusión fiscal que inciden directamente no funcionamento do mercado interior, de modificación de diversas normas tributarias e en materia de regulación do xogo, non poderán aboarse en efectivo as operacións nas que algunha das partes intervinientes actúe en calidade de empresario ou profesional con importe igual ou superior a 1.000,00 euros ou o seu contravalor en moeda estranxeira.

A efectos de cálculo da contía sinalada, sumaranse os importes de todas as operacións ou pagos en que se puido fraccionar a entrega de bens ou a prestación de servizos. Entenderase por efectivo os medios de pago definidos no artigo 34.3 da Lei 10/2010, do 28 de abril, de prevención de branqueo de capitais e de financiamento do terrorismo, é dicir, o papel moeda e a moeda metálica, nacional ou estranxeira; os cheques bancarios ao portador denominados en calquera moeda e calquera outro medio físico, incluídos os electrónicos, concebidos para ser utilizados como medios de pago ao portador.

Cando unha factura ou documento de valor probatorio equivalente se aboe en efectivo, deberá constar na mesma a expresión “Recibín en efectivo na data \_\_\_\_\_”, asinado polo receptor, con identificación do mesmo (DNI, nome e apelidos).

Soamente terán que presentarse os xustificantes de pago das facturas que se imputen á Deputación Provincial de Lugo.

Respecto ao contido das facturas: éstas deberán recoller o establecido nos artigos 6 e 7 do Real Decreto 1619/2012, do 30 de novembro, polo que se aproba o Regulamento polo que se regulan as obrigas de facturación. (aplicarase a normativa vixente en cada momento).

A documentación obtida por banca electrónica (descargas de banca en liña) debe estar debidamente acreditada pola entidade bancaria correspondente nos casos en que o órgano xestor así o requira.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	129/136



As facturas deberán estar pagadas dende a conta da entidade beneficiaria

Cuarto. Visto que consta recepción electrónica do requirimento da conta xustificativa asinada por parte do beneficiario de data 20/02/2026 14:08:25.

Quinto. Visto que non consta que o beneficiario Club Golf el Pilar Sarria de acordo ao previsto no punto 12 das bases da convocatoria da anualidade 2025, presentase documentación requirida de emenda da respectiva conta xustificativa.

Sexto. Que por resolución de Presidencia de data 18 de marzo de 2026 acordase o decaemento do dereito ao tramite de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025, á subvención concedida por importe de mil vinte euros (1.020,00 €), ao Club Golf el Pilar Sarria con CIF: G27411719 para golf.

Sétimo. Visto que con data 20/03/2026 13:06 e número de rexistro de saída 2026RPS004415 e numero de expediente 2026/PES\_03/003442, e de acordo co previsto no artigo 68 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, do Procedemento Administrativo Común das Administracións Públicas, deuse traslado da resolución de Presidencia de data 18 de marzo de 2026 relativa ao acordo de decaemento do dereito ao tramite de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025.


Oitavo. Visto que consta recepción electrónica da comunicación de Resolución de Presidencia de declaración de decaemento de dereito ao tramite de data 20/03/2026 19:52:08.

Noveno. Visto que non consta que o beneficiario Club Golf el Pilar Sarria, presentase documentación.

Visto que ao abeiro das bases da convocatoria se procedeu ao tramite de requirimento da conta xustificativa previsto no punto 12º, no que se advertía que a falta de presentación de xustificación neste prazo adicional levará consigo a perda do dereito ao cobro total da subvención e, tamén ao reintegro da contía anticipada e a esixencia do xuro de mora correspondente dende o momento do pagamento da achega ata a data na que se acorde a procedencia do reintegro, de conformidade con canto se establece na Ordenanza Xeral de subvencións desta Deputación, no artigo 34.3 da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e no artigo 31.5 da Lei 9/2007, do 13 de xuño de Subvencións de Galicia.

Visto o regulado no artigo 89 do Real Decreto 887/2006, de 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións, no que se sinala que se producirá a perda do dereito ao cobro total ou parcial da subvención no suposto de falta de xustificación ou de concorrencia dalgunha das causas previstas no artigo 37 da Lei xeral de Subvencións, e así mesmo que o procedemento para declarar a procedencia da perda do dereito ao cobro da subvención será o menos que para o de reintegro de subvención, establecido no artigo 42 da Lei xeral de Subvencións, e o previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	130/136





Visto o previsto na base 12. Prazos de xustificación das bases da convocatoria para a concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025, na que se prevé que na declaración de perda de dereito ou ben o reintegro das cantidades percibidas deberá tramitarse o correspondente procedemento con audiencia do interesado.

Por todo o exposto, e a xuízo do informante, cumpridos os trámites previstos, procede tramitar o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia en relación ao cobro total da subvención concedida a Club Golf el Pilar Sarria por importe de mil vinte euros (1.020,00 €) para golf, mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo que se resolve o concesión de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva na anualidade 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025.

O Deputado Delegado que subscribe, propón á Xunta de Goberno, a adopción dos seguintes acordos:

**1º.-** Iniciar o procedemento de declaración de perda de dereito e apertura de trámite de audiencia da subvención concedida mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025, polo cal se resolve o concurso de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025, convocado, mediante anuncio publicado no Boletín Oficial da Provincia de Lugo, núm. 055 do sábado 08 de marzo de 2025.

**2º.-** En cumprimento do antedito, do regulado no art. 89 do Real Decreto 887/2006, do 21 de xullo, polo que se aproba o Regulamento da Lei 38/2003, do 17 de novembro, Xeral de Subvencións e do previsto no artigo 82 da Lei 39/2015, do 1 de outubro, notificar ao beneficiario CLUB GOLF EL PILAR SARRIA, o inicio do procedemento de declaración de perda de dereito ao cobramento a beneficiarios de subvencións destinadas a entidades e clubs deportivos da provincia de Lugo en concorrencia competitiva, ano 2025, aprobadas mediante acordo da Xunta de Goberno desta Excma. Deputación Provincial, de data 18 de xullo de 2025 e a apertura do respectivo trámite de audiencia, para que no prazo de dez (10) días poida

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	131/136



alegar e presentar os documentos e as xustificacións que considere pertinentes, ou no seu caso, antes do vencemento do prazo, manifestación da súa decisión de non efectuar alegacións nin presentar novos documentos ou xustificacións”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### **11.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN ADMINISTRATIVO ADMINISTRACIÓN XERAL DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. Víctor Valcárcel Gayoso, Administrativo Administración Xeral do Cadro de Persoal Funcionario, cumpriu os 65 anos de idade o día 19 de abril de 2024, que á citada data non tiña recoñecido o tempo suficiente de cotización para a súa xubilación na data de cumprimento dos 65 anos, polo que segundo se establece no Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, do Texto Refundido da Seguridade Social, e segundo informe de simulación xubilación expedido pola Secretaría do Estado da Seguridade Social e Pensións, aportado polo interesado, a súa xubilación retrásase e sitúase nos 66 anos e 10 meses, é dicir, o 19 de abril de 2026.

Resultado que o interesado solicitou a prolongación no servizo activo e que por Acordo da Xunta de Goberno de data 20 de marzo de 2026, desestimouse a citada solicitude de prolongación, acordándose, así mesmo, tramitar de oficio o expediente de xubilación forzosa, con efectividade do día 19 de abril de 2026, data na que alcanza a idade ordinaria de xubilación, conforme ao previsto na normativa de aplicación.

Tendo en conta a Normativa de Aplicación:

O artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia que establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

[...]”.


O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	132/136





3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...).

4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade”.

3.- A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a) así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2026	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 10 meses

[...]”.

Tendo en conta o sinalado e o informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos, na miña condición de Deputada Delegada da Área de Réxime Interior, Promoción do Territorio e Turismo, propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida do funcionario provincial, D. Víctor Valcárcel Gayoso, con efectividade do día 19 de abril de 2026, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade”.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	133/136



A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

## **12.- PROPOSTA DE XUBILACIÓN FORZOSA, POR CUMPRIMENTO DA IDADE LEGAL ESTABLECIDA, DUN CAPATAZ DE CAMIÑOS DO CADRO DE PERSOAL FUNCIONARIO.**

Logo de ver a proposta da señora deputada delegada da Área de Réxime Interior, Promoción de Territorio e Turismo, do seguinte teor:

“Visto que D. José Rodríguez López, Capataz de Camiños do Cadro de Persoal Funcionario, cumpriu os 65 anos de idade o día 21 de setembro de 2024, que á citada data non tiña recoñecido o tempo suficiente de cotización para a súa xubilación na data de cumprimento dos 65 anos, polo que segundo se establece no Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro, do Texto Refundido da Seguridade Social, e segundo informe de simulación xubilación expedido pola Secretaría do Estado da Seguridade Social e Pensións, aportado polo interesado, a súa xubilación retrásase e sitúase nos 66 anos, 7 meses e 2 días, é dicir, o 23 de abril de 2026 e que o interesado non solicitou inicialmente a prolongación no servizo activo.

Tendo en conta a Normativa de Aplicación:

O artigo 2/2015 do 29 de abril do Emprego Público de Galicia que establece:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa do persoal funcionario declararase de oficio ao cumprir a persoa a idade legalmente establecida

(...)”.

O artigo 67 do Real Decreto Lexislativo 5/2015, de 30 de outubro, polo que se aproba o texto refundido da Lei do Estatuto Básico do Empregado Público, que preceptúa:

“1. A xubilación dos funcionarios poderá ser:

- a) Voluntaria, a solicitude do funcionario.
- b) Forzosa, ao cumprir a idade legalmente establecida.

[...].

3. A xubilación forzosa declararase de oficio ao cumprir o funcionario os sesenta e cinco anos de idade.

(...).

4.- Con independencia da idade de xubilación forzosa establecida no apartado 3, a idade da xubilación forzosa do persoal funcionario incluído no Réxime Xeral da Seguridade Social será, en todo caso, a que prevexa as normas reguladoras do dito réxime para el acceso á pensión de xubilación na súa modalidade contributiva sen coeficiente redutor por razón da idade”.

A Disposición Transitoria sétima.- Aplicación paulatina da idade de xubilación e dos anos de cotización, do Real Decreto Lexislativo 8/2015, de 30 de outubro do Texto Refundido da Seguridade Social, sinala:

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	Fecha y Hora	27/03/2026 23:36:45
Normativa	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
Firmado por	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
Firmado por	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
Url de verificación	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	Página	134/136





“As idades de xubilación e o período de cotización a que se refire o artigo 205.1.a). así como as referencias a idade que se conteñen nos artigos 152.1, 207.1.a) y 2, 208.1.a) e 2, 214.1a) e 311.1 aplicaranse de forma gradual nos termos que resultan do seguinte cadro:

Ano	Períodos cotizados	Idade esixida
2026	38 anos e 3 meses ou máis	65 anos.
	Menos de 38 anos e 3 meses	66 anos e 10 meses

[...]”.

Á vista do sinalado e do informe do Servizo de Recursos Humanos e Asistencia a Concellos propoño que, en uso das atribucións que lle confire o artigo 35 da Lei 7/1985, de 2 de abril, Reguladora das Bases de Réxime Local e o artigo 59.4 do Regulamento Orgánico da Deputación Provincial de Lugo (BOP nº 202, de 3 de setembro 2020), a Xunta de Goberno adopte o seguinte acordo:

**1º.-** Declarar a xubilación forzosa, por cumprimento da idade legalmente establecida do funcionario provincial, D. José Rodríguez López con efectividade do día 23 de abril de 2026, derradeiro día que presta servizos a esta Entidade”.

A Xunta de Goberno, por unanimidade dos asistentes acorda prestar aprobación á proposta presentada e anteriormente transcrita.

### 13.- COMUNICACIÓNS DA PRESIDENCIA.

Non se presentan

### 14.- ROGOS E PREGUNTAS REGULAMENTARIAMENTE FORMULADOS.

Non se formulan polos señores/as deputados/as.

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	135/136



E non habendo máis asuntos de que tratar, a Presidenta levanta a sesión, sendo as once horas e quince minutos do día de referencia, de todo o cal eu, o Secretario, certifico.

**A PRESIDENTA**

**O SECRETARIO**

	IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ	<b>Fecha y Hora</b>	27/03/2026 23:36:45
<b>Normativa</b>	Este documento incorpora firma electrónica reconocida de acuerdo a la ley 6/2020, de 11 de noviembre, reguladora de determinados aspectos de los servicios electrónicos de confianza.		
<b>Firmado por</b>	JOSE ANTONIO MOURELLE CILLERO		
<b>Firmado por</b>	MARÍA DEL CARMEN LÓPEZ MORENO		
<b>Url de verificación</b>	<a href="https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ">https://etramite.deputacionlugo.org/verifirma-lugo/code/IV7R4KTKPM4TIWFIQ4VED4JTEQ</a>	<b>Página</b>	136/136

